

Galaicofobia e propaganda: Galiza e os galegos nas crónicas ao servizo dos Reis Católicos

Alexandre Peres Vigo¹

Recibido: 7 de outubro de 2021 / Aceptado: 15 de xuño de 2022

Resumo. Se desde a primeira metade do século XV o cargo de cronista adquiriu unha crecente relevancia na corte castelá, será durante o reinado dos Reis Católicos cando a producción cronística emerxa con forza como un dos principais pilares ideolóxicos e propagandísticos ao servizo dos monarcas. Os cronistas, en tanto que encargados de facer chegar un relato oficial e apologetico do reinado, foron os encargados de elaborar todo un corpus literario destinado a glorificar a memoria rexia mais tamén a sustentar a propia lexitimidade de Isabel I, como tamén o proxecto político autoritario desenvolvido pola parella real. No presente artigo analízase o discurso propagandístico presente nas crónicas rexias e utilizado para narrar as accións político-bélicas emprendidas polos Reis Católicos no reino de Galiza, así como os indicios dunha galaicofobia emergente, coa instrumentalización da imaxe tópica do reino e do estereotipo antigalego como medio de xustificación destas.

Palabras clave: Galiza; galaicofobia; Reis Católicos; propaganda; cronistas áulicos; estereotipo antigalego; cronística castelá.

[es] **Galaicofobia y propaganda: Galicia y los gallegos en las crónicas al servicio de los Reyes Católicos**

Resumen. Si desde la primera mitad del siglo XV el cargo de cronista adquirió una creciente relevancia en la corte castellana, será durante el reinado de los Reyes Católicos cuando la producción cronística emerja con fuerza como uno de los principales pilares ideológicos y propagandísticos al servicio de los monarcas. Los cronistas, en tanto que encargados de hacer llegar un relato oficial y apologetico del reinado, fueron los encargados de elaborar todo un corpus literario destinado a glorificar la memoria regia, así como a sustentar la propia legitimidad de Isabel I, como también el propio proyecto político autoritario llevado a cabo por la pareja real. En el presente artículo se analiza el discurso propagandístico presente en las crónicas regias y utilizado para narrar las acciones político-bélicas emprendidas por los Reyes Católicos en el reino de Galicia, así como los indicios de una galaicofobia emergente, con la instrumentalización de la imagen tópica del reino y del estereotipo antigallego como medio de justificación de estas.

Palabras clave: Galicia; galaicofobia; Reyes Católicos; propaganda; cronistas áulicos; estereotipo antigallego; cronística castellana.

[en] **Anti-Galician Sentiment and Propaganda: Galicia and the Galicians in the Chronicles at the Service of the Catholic Monarchs**

Abstract. From the first half of the 15th century onwards, the position of chronicler acquired a growing relevance in the Castilian court. However, it was during the reign of the Catholic Monarchs when this genre emerged strongly as one of the main ideological and propagandistic pillars at the service of the crown. Chroniclers, being those responsible for providing an official and apologetic narrative of the reign, created a whole literary corpus to glorify the memory of the monarchs and also to support the very legitimacy of Isabella I, as well as the authoritarian political project carried out by the royal couple. This paper analyses the propagandistic discourse which is to be found in the royal chronicles and which was used to relate the political and military actions undertaken by the Catholic Monarchs in the Kingdom of Galicia, as well as the indications of an emerging anti-Galician sentiment (*Gallaecophobia*), which mobilised a clichéd image of the kingdom and an anti-Galician stereotype as means to justify the said actions.

¹ Universidade da Coruña, Departamento de Letras.

Correo-e: alexandre.pvigo@udc.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-4862-5048>.

Keywords: Galicia; Galaicophobia; Catholic Monarchs; Propaganda; Court Chroniclers; Anti-Galician Stereotype; Castilian Chronicles.

Sumario. 1. Introducción. 2. O contexto previo: o reino de Galiza e a monarquía castelá (1230-1479). 3. “Sojuzgar aquel reyno”: o reino de Galiza na política de Fernando e Isabel (1479-1486). 4. O papel dos cronistas áulicos no reino de Isabel e Fernando: o caso galego. 4.1. *Gesta hispaniensia: ex annalibus suorum dierum collecta*. 4.2. *Bellum adversus Granatenses*. 4.3. A *Chronica de los Reyes Católicos* de Diego de Valera. 4.4. *Chronica de los muy altos y esclarecidos reyes Catholicos don Fernando y doña Ysabel de gloriosa memoria*. 4.5. *De las cosas memorables de España / De rebus Hispaniae memorabilibus*. 5. Conclusión. 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Peres Vigo, Alexandre. (2022): “Galaicophobia e propaganda: Galiza e os galegos nas crónicas ao servizo dos Reis Católicos”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 25, pp. 203-225, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.90532>.

1. Introducción

Como medio de expresión, o discurso propagandístico pode ser considerado como un dos elementos más lonxevos da literatura. A existencia dunha xerarquía política mais tamén os conflitos entre esta e os seus rivais constituíron, desde as primeiras manifestacións da escrita, un instrumento destinado a orientar o sentir social e, as más das veces, a lexitimar e/ou perpetuar o *statu quo* dos grupos dominantes. De carácter universal e atemporal, cuxos inicios xa se albiscan na propia Antigüidade, en lugares tan dispares como Oriente Medio, China ou o mundo grecolatino, foi a producción literaria, nomeadamente no eido da historiografía e no xénero cronístico, onde con maior claridade e profusión a retórica propagandística xogou un papel determinante na difusión ideolóxica, así como na xustificación das diferentes medidas políticas adoptadas polos gobernantes, servindo á vez, como instrumento destinado a modular a opinión pública coetánea como tamén a propia interpretación do pasado (véxase Van Seters 1997 [1983]).

No caso castelán, a utilización da cronística como instrumento discursivo emanado directamente do poder real relacionouse, desde os seus inicios no século XIII, co desenvolvimento e consolidación da propia Castela como reino independente fronte a outros Estados veciños, nomeadamente o galego-leonés. Neste proceso terán especial repercusión obras como a *Chronica latina regum Castellae, De Rebus Hispaniae* (ca. 1243), ou *Chronicon Mundi*, todas elas redactadas en época fernandina, ás que

seguirá o gran proxecto historiográfico afonsino da *Estoria de España*, a través dos que se asenta as bases do castelanismo ideolóxico.

Porén, será no século XIV cando a chegada dos Trastámaras ao trono da coroa de Castela esixa unha propaganda máis sofisticada, capaz de sustentar a unha dinastía “born in bastardy and rooted in fratricide” (Deyermond 2009: 64). Conscientes da importancia de asentar unha memoria histórica favorábel aos seus intereses, será precisamente da man de Xoán II de Castela, cando “el historiador profesional, devenido en cronista oficial, ponga su narración al servicio y gloria del poder monárquico” (Hernández Martínez 2013: 23), motivando deste xeito a creación, en 1444, do cargo de cronista oficial na coroa de Castela. No entanto, a emerxencia dun clima de inestabilidade política e confrontación civil acabará por dotar o labor de cronista e historiador dun marcado cariz partidista, en canto que voceiro das diferentes faccións políticas, fosen regalistas ou nobiliarias. Precisamente os conflitos político-bélicos sucedidos no reinado de Henrique IV, e moi especialmente a vitoria de Isabel I de Castela e Fernando II de Aragón na guerra de sucesión (1475-1479), evidenciaron, na práctica, a eficacia do papel dos propagandistas na loita pola opinión pública mais tamén, rematada a contenda, a necesidade de asentar un relato favorábel aos monarcas, capaz de xustificar e engrandecer as súas accións gobernativas. Entre estas últimas, sen dúbida sobresaíron aqueles conflitos bélicos revestidos dunha aureola de cruzada como a guerra “santa” contra o reino de Granada, mais tamén outras frontes como as de Portugal, Francia e Navarra, entre outras, para além da persecución de minorías relixiosas, como xudeus e musulmáns.

Nesta tarefa, a literatura cronística áulica redundará no uso de estereotipos étnicos e/ou relixiosos, mais tamén en tópicos tan recorrentes como o goticismo ou o incipiente protonacionalismo castelán (Jardin 2010), revestindo os novos monarcas baixo unha retórica de marcado carácter provindencialista e mesiánico que sustentase o seu proxecto autoritario e imperialista. Estes e outros elementos estarán igualmente presentes tamén na imaxe que de Galiza e dos acontecementos galegos se transmitirá na propaganda rexia durante o reinado de Fernando e Isabel, con especial atención ao período entre 1475 e 1486.

Vehiculada principalmente a través de crónicas promovidas polos novos monarcas, estas tiveron, entre outros obxectivos, sostener

a lexitimidade de Isabel en Galiza, un reino onde a cuestión sucesoria resultaba especialmente delicada e o bando xoanista contaba con importantes activos, mais especialmente para xustificar o proxecto autoritario dos novos monarcas e as súas medidas políticas orientadas a garantir o dominio efectivo do reino por parte da monarquía castelá.

2. O contexto previo: o reino de Galiza e a monarquía castelá (1230-1479)

Analizado desde os máis diversos focamentos, o reinado de Isabel I de Castela e Fernando II de Aragón constitúe no mundo académico galego un dos temas máis controvertidos ou “perigosos” (Saavedra 2016: 181), cuxas implicacións desbordan o eido lingüístico, por tanto supón a definitiva implantación do sistema de aculturación e castelanización de Galiza aínda hoxe vixente, más tamén polas súas implicacións políticas, en tanto que supuxo a consolidación –*manu militari*– do dominio rexio castelán no reino de Galiza.

No entanto, con certeza o proceso de dominación sociopolítica proxectado desde Castela e implementado polos Reis Católicos veu precedido dun contexto histórico cuxos primeiros pasos se remontan ao século XIII, tras a morte en 1230 do entón rei de Galiza e León, Afonso VIII². O conflito sucesorio posterior e a final usurpación do trono galego-leonés a mans do entón rei de Castela, Fernando III (1232), supuxo, malia se tratar inicialmente dunha unión persoal na figura do monarca, o final dun Estado galego-leonés independente e o comezo do dominio castelán sobre Galiza, non sen relevantes limitacións³. A fraxilidade desta unión persoal e o dominio castelán sobre Galiza dos séculos XIII-XIV, sen dúbida atopa o seu máximo expoñente nas proclamacións de reis galegos, tales como a de Sancho IV en Compostela, a de Xoán I (1296-1301) e ainda nas tentativas de Rodrigo de Castro até 1304, todas elas frustradas quer pola vía diplomática, quer pola vía armada. Esta falta de dominio pleno da monarquía castelá na Galiza evidenciaríase tras o asasinato de Pedro I de Castela a mans de Henrique de Trastámara en 1369, co inmediato xurdimento, entre a máis alta nobreza

galega, dunha posición antitrastamarista que propiciaría, nun primeiro momento, a reunificación galego-portuguesa baixo a coroa de Fernando “O Fermoso” (1369-1371), así como a alianza diplomática coa realeza inglesa, anos máis tarde, permitindo ao daquela duque de Lancaster, Xoán de Gante, exercer como soberano de Galiza até 1387 (López Carreira 2020a: 423-425).

A vitoria definitiva dos Trastámara (1388) supuxo, porén, unha forte convulsión na estrutura sociopolítica do reino de Galiza, tendo como consecuencia máis nítida o ocaso dos inimigos da nova dinastía, nomeadamente a casa de Castro, e a consecuente promoción, mediante mercés e títulos, dos nobres –algúns deles casteláns– afins á nova liña real, tales como os Andrade, os Moscoso ou os Soutomaior, entre outros. O ascenso destes novos actores, a costa das áreas e vilas até o daquela protexidas baixo a condición reguenga, desencadenou unha forte refeudalización nun reino cada vez máis fragmentado xurisdicionalmente e carente entón de institucións nacionais. Paralelamente, a nova situación supuxo tamén o reforzamento do arcebispado compostelán, “erixido en cabeza incuestionable do señorío galego” (López Carreira 2016: 22) e dirixido reiteradamente por arcebispos foráneos e estreitamente ligados á monarquía castelá, tales como foron os Fonseca, que ademais de promover o uso do castelán na mitra galega (Paz Mariño 1998: 190) constituíron un aliado imprescindíbel dos intereses rexios en Galiza.

Para alén das numerosas, e heteroxéneas, revoltas urbanas contra os grandes señores eclesiásticos e nobiliarios, sucedidas ao longo dos reinados de Xoán I (1406-1454) e moi especialmente de Henrique IV (1454-1474), o século XV representa en Galiza un momento de gran convulsión e dinamismo sociopolítico. No entanto, a forte atomización do poder herdado do século anterior –agás os casos dos señoríos de Lemos e a mitra compostelá– dificultou a emergencia de grandes poderes autónomos, impedindo así unha maior influencia galega na política dunha corte cada vez más castelanizante (López Carreira 2016: 23). Paradigma desta excentricidade política catrocentista será a falta de representación directa que o reino

² Monarca que tradicionalmente é denominado pola historiografía española baixo o nome de “Afonso IX”.

³ Así o exemplifican os casos de Fernando III e o seu fillo, Afonso “o Sabio”, cuxa presenza no reino desde 1232 se reduce a unha única visita deste último á vila fronteiriza de Monterrei en 1282 (Barros 1990: 29), o que evidencia o afastamento da monarquía castelá, non só dun punto de vista xeográfico mais tamén político, marcado por fortes conflictos.

de Galiza arrastraba nas cortes castelás desde 1419, circunstancia que provocaría a posterior negativa das cidades galegas a satisfacer as esixencias fiscais dunha corte que, como denunciaban os cargos concellís, aproveitaba esta circunstancia para sobrecargar tributariamente a poboación galega dun xeito malintencionado e gravoso (véxase López Carreira 2020a: 432).

Considerado por esta razón como unha nación⁴ de “rebeldes” –denominación con que as cortes de Toledo se refiren aos concellos galegos–, na realidade, estas circunstancias poñían en relevo a exigua autoridade que a monarquía castelá acadara en Galiza tras dous séculos da caída da monarquía galego-leonesa, e a dinámica propia dun reino “desnacionalizado” (López Carreira 2016: 23) que, en opinión Leo von Rozmíthal, viaxeiro checo que visitara Compostela en 1466, “non tiña rei” (*apud* García Mercadal 1999: I, 257).

Esta situación política evidenciaríase nitidamente co inicio da guerra sucesoria entre xoanistas e isabelinos após a morte de Henrique IV (1474), esixindo, como xa acontecera coa farsa de Ávila (1465), un posicionamento político especialmente delicado por tanto se confrontaba o achegamento a Portugal, en virtude do matrimonio entre a princesa Xoana e o rei Afonso V, ou a opción mediterránea, encarnada por Fernando II de Aragón e Isabel I (Saavedra 2016: 185-195). Deste xeito, quer pola unidade nacional⁵, étnica e lingüística entre galegos e portugueses, quer por uns intereses económicos comúns, ou mesmo pola confluencia de ambos factores, Galiza foi, indiscutiblemente, o reino baixo dominio castelán onde a alternativa portuguesa cobrou maior auxe. Así o demostra non só a posición de Pedro Álvarez de Soutomaior, un dos señores más poderosos e influentes do suroeste do reino, senón as propias demandas de Afonso V e Xoana perante Fernando e Isabel, polas que en 1476 se reclamaba a estes unha compensación patrimonial que “sería ho regno de Galiza cō todos seus termos, et señorios limitados”

(1567: 157), reclamación omitida pola literatura crónistica castelá coetánea mais si recollida polo humanista portugués Damião de Góis na súa *Chronica do Príncipe Dom Joam* (Lisboa, 1567). Se ben como lembra Saavedra (2016: 190), unha parte da aristocracia galega, liderada polo conde de Lemos, non faría nítida a súa apostura política polo bando isabelino até a batalla de Toro (1476), a sombra da ilexitimidade e das posíbeis insurreccións galegas en favor de Xoana deberon espertar non poucos receos na parella en anos posteriores⁶.

3. “Sojuzgar aquel reyno”: o reino de Galiza na política de Fernando e Isabel (1479-1486)

Derrotada militarmente a opción portuguesa sen acadar a implicación militar de Francia, apóis a sinatura do tratado de Alcáçovas en 1479, o obxectivo da parella real en Galiza centrouse tanto na persecución dos seus rivais políticos como na imposición dunha *pax castellana* a través do establecemento de institucións que consolidasen definitivamente a súa autoridade no reino, nomeadamente dun punto de vista recadatorio e xudicial. Para este propósito destacará a instauración en Galiza da *Santa Hermandad*, brazo armado ao servizo dos monarcas, destinado a impor o seu dominio sobre todos aqueles grandes señores galegos –eclesiásticos e nobiliarios– que até entón detentaban o verdadeiro poder fáctico en Galiza. Con todo, como sinala Ladero Quesada (2005: 244), detrás do establecemento destes órganos de control non se poden obviar as razóns de índole económica que tiñan por obxecto acabar coa rebeldía fiscal protagonizada polas vilas galegas, especialmente nun momento en que a facenda real castelá afrontaba os cuantiosos gastos derivados da ofensiva bélica contra Granada.

Para alén do establecemento en Galiza da *Santa Hermandad*, dirixida directamente desde Castela polo *Consejo de la Hermandad*, os monarcas apoiáronse principalmente sobre o entón arcebispo de Compostela, o castelán Afonso de Fonseca II, un dos responsábeis da

⁴ Repárese o uso do termo *nación* con que Alfonso de Cartagena denomina aos galegos no seu discurso con motivo do Concilio de Basilea do ano 1437: “so el señorío de mi señor el Rey ay diversas nasciones e diversos lenguajes... Ca los castellanos e los gallegos e los viscaínos diversas naciones son, e usan de diversos lenguajes” (*apud* Monsalvo Antón 2011: 65).

⁵ Esta mesma consideración foi a utilizada pola universidade salmantina para facer o reparto do seu alumnado durante o século XV, aglutinando na “nación” galega ao alumnado portugués (Beltrán de Heredia 1966: I, 93).

⁶ Repárese, nese sentido, na petición de Isabel I a Rodrigo Henríquez de Castro en maio de 1500, a fin de que este “aprese y envíe secretamente a la corte a quien anda por Galicia de parte de la monje doña Juana, que está en Portugal” (Pardo de Guevara 1997: I, 81).

definitiva suplantación do galego na documentación da mitra compostelá (Paz Mariño 1998: 190) e home próximo á Liga Nobiliaria, así como nas autoridades concellís galegas, que, áinda que leais a Henrique IV perante o Golpe de Estado de 1465, esperaban do monarca, calquera que este fose, o amparo e protección dos seus intereses fronte aos señores feudais.

Contra a vontade das elites nobiliarias galegas, dispostas a ofrecer unha compensación económica aos monarcas a fin de evitar a instauración dunha institución que consideraban lesiva (García Oro 1987: I, 331-333), finalmente a colaboración dos poderes urbanos e o arcebispo Fonseca II permitiu aos monarcas contar cunha necesaria implicación local que garantise o éxito da empresa. Baixo este amparo, en 1480 chegaban a Galiza os representantes rexios enviados desde Castela: Antonio de Paz e Fernando Gómez de Tordehumos –ningún deles galego–, a fin de implementar as resolucións tomadas nas Cortes de Madrigal (1476) e implantar a *Santa Hermandad* en Galiza. Para asegurar a empresa, no verán dese mesmo ano, os monarcas castelán-aragoneses enviaban a Galiza unha compañía de 300 mercenarios baixo as ordes dos representantes rexios investidos con poderes plenipotenciarios: os casteláns García López de Chinchilla, nomeado alcalde maior de Galiza, e Fernando de Acuña, brazo derecho dos monarcas a quen se lle encargada a gobernanza e o cargo de xustiza maior no reino.

Establecida na capital compostelá, as accións da *Santa Hermandad* e o corpo armado dirixido por Fernando de Acuña –considerado vicerrei de Galiza– axiña se mostraron hostís contra os grandes señores do reino, mesmo cando estes foran firmes aliados dos monarcas, caso de Alfonso de Fonseca II, sitiado na catedral e apartado temporalmente dela. Unha acción que se repetirá noutra sé galega, Lugo, onde as tropas do gobernador tomaron o castelo e depuxeron o bispo, Afonso Henríquez Osorio, provocando a reacción militar de seu irmán, Pedro Álvarez Osorio. A represión tamén se dirixiu contra Pedro Pardo de Cela, mais que neste caso

concluiría coa sentenza a morte do propio nobre a instancias de Acuña a finais de 1483. A estas accións uniríanse, segundo as informacións de Hernando de Pulgar, unha serie de medidas punitivas e represivas que espallaron “terror” no reino, entre as que destacan o derrubamento de medio cento de fortificacións galegas, así como a expatriación de mil cincocentas persoas (López Carreira 2020b: 199) ao ducado de Breña e aos reinos de Portugal e de Francia.

Como sinalaba García Oro (1987: 351), a severidade destes e doutros feitos desencadeou un forte sentimento de agravio entre a alta nobreza galega que tomou forma en Compostela a comezos de 1484, onde reunida asinaba un compromiso de mutuo amparo en que se alentaba a desobediencia contra os gobernadores enviados por Isabel e Fernando⁷, se esta for precisa. Para alén da propia impopularidade do gobernador Acuña entre a nobreza galega, nas capas urbanas e áinda nas menos privilexiadas tamén comezou a agromar unha masa, cada vez maior, de desafectos que denunciaban caos de corrupción, roubos e abusos por parte da *Hermandad*, dos funcionarios rexios e das súas tropas, suscitando “en todas partes oposición y enemistad” (*Ibid.*: 337). Un crecente decontento que se intensificou coa gravosa tributación a que se sometía aos habitantes do reino por parte dos recadadores rexios –6 millóns de maravedís ao ano– converténdose nunha das principais fontes de ingresos da monarquía castelá, e que, para alén de sufragar todo o aparato institucional rexio en Galiza, servía aos monarcas para pagar a súa ofensiva expansionista en Granada e no Mediterráneo (Liss 1998: 185).

Non cabe dúbida de que este contexto debu contribuír a que, en pouco tempo, as propias autoridades concellís pasasen a percibir as autoridades rexias como un poder foráneo, un aspecto que deberon considerar lesivo se se reparara nas demandas polas que se solicitaba aos monarcas a galeguidade da gobernanza do reino, os seus maxistrados e o seu brazo armado, defendendo a valía e calidade das xentes galegas⁸. Estas peticións, rexeitadas polos

⁷ Refírese Vasco da Ponte a este acordo no que os magnates galegos acordarían “no consentir a los gobernadores todo lo que quisiesen facer” (1872: 479).

⁸ Véxanse as demandas que os representantes dos concellos galegos elevaban en 1482 e en que se sinalaba que no reino “Ay personas de suficiencia e diligencia e deseosas del bien público e de la Hermandad”, e como a presidencia da *Hermandad* debía recaer sobre un galego, un “natural del reyno”, “de buen deseo al bien de la justicia e tal que conosca la calidad de la tierra e los negocios della” recordando, ademais, a idoneidade de que o corpo armado do organismo estivera composto tamén por galegos “porque en el dicho reyno de Gallisia ay caballeros e escuderos e personas de bien e fijosdalgo que desean servir a Vuestra Alteza e son celadores de la justicia y bien y paz” (*apud* García Oro 1987: I, 336).

monarcas castelán-aragoneses, acabarían por se converter nunha constante entre Galiza e a monarquía castelá/española ao longo dos séculos posteriores, co nomeamento, case sistemático, de funcionarios casteláns na gobernación do reino galaico. Unha praxe política que, como sinala Nogueira, lembra os vicerreinados casteláns instaurados poucas décadas máis tarde na América colonial (2001: 60). Se cadra, ese contexto de desconfianza en face dunhas autoridades consideradas foráneas na década dos 80/90 do século XV explique a deliberada adscrición nacional e/ou grupal que os redactores galegos das ordenanzas da gremio compostelán dos cambeadores desexaron precisar en 1490, mediante o uso explícito do marcador grupal (“nosa”), ao estipular que ningún “posa falar ningúa lenguaxe estranjeira aynda que a sabea, saluo nosa lyngoage galega, ou castellana” (*apud* Monteagudo 1999: 121).

Ante ameaza dunha insurrección xeneralizada no reino e, especialmente, a posíbel creación dun bando nobiliario adverso aos monarcas castelán-aragoneses, estes decidían en 1484 relevar no cargo da gobernación a Fernando de Acuña, substituíndo novamente por outro castelán, Diego López de Haro, destacado sobre próximo aos reis que participara activamente contra Henrique IV e os partidarios de Xoana. No entanto, a chegada do novo gobernador tampouco logrou relaxar as tensións no reino. No norte, as tropas reais sufriran un revés ao seren expulsadas da fortaleza da Caldaloba, onde Constanza de Castro, filla de Pedro Pardo, xunto as tropas de Pedro Bolaño e Fernán Ares de Saavedra, resistiran o envite do continxente armado de López de Haro durante varios meses (García Oro 1987: I, 364). Pola súa parte, nas terras más orientais, o novo conde de Lemos, Rodrigo Henríquez de Castro, alzábase a finais dese ano en armas contra os designios rexios, obrigando as autoridades monárquicas a mobilizar gran número de tropas para sitiari Sarria, Castro de Rei e Ponferrada. Nesta última praza forte sería onde o conde, tras derrotar as tropas rexias en diversas ocasións, finalmente capitule no verán de 1486, momento en que Fernando e Isabel se disponían a asediar a fortaleza da vila. Esta capitulación viría confirmar a perda, para a casa de Lemos, dos seus Estados más orientais, sendo repartidos entre os seus principais rivais políticos e/ou requisados polos monarcas, caso da estratéxica vila de Ponferrada, entrada natural a Galiza desde a meseta.

Silenciadas as cousas galegas (“*Ut res Callaiae siluerunt*”), tal e como Antonio de Nebrija se refería ás reivindicacións do conde de Lemos e á caída de Ponferrada (*apud* Jiménez Calvente 2010: 88), en setembro de 1486 os monarcas decidirán partir cara a Compostela para revisar *in situ* o alcance dos instrumentos de control sobre o reino (Ladero Quesada 2005: 245), con especial atención á recadación a cargo do contador Juan de Arévalo, enviado a Galiza en marzo do mesmo ano para, entre outros fins, tecer unha rede clientelar no reino e “faser cualesquier pesquisas y a ver algunas ynformaciónes que nos [Fernando e Isabel] le mandamos que faga en ese dicho reyno de Galizia” (*apud Ibid.*: 243). Co obxectivo de “castigar las cosas del Bierzo e del Reyno de Galizia” (*apud* Rosende Valdés 1998: 157), a viaxe –a única que os monarcas realizarían a Galiza en todo o seu reinado– tivo por principal destino a capital galega. Coa a súa chegada a Compostela o 21 de setembro, Fernando e Isabel “quisieron dar a entender que, a partir de entonces, también las tierras gallegas, en una especie de nueva reconquista, quedaban definitivamente bajo su égida” (Jiménez Calvente 2010: 67), un símbolo político que, como apunta López Carreira, preludiaría un novo escenario histórico en que Galiza quedaría “convertida nun inerte territorio marxinal da Monarquía Hispánica na súa proxección imperial” (2020a: 439).

4. O papel dos cronistas áulicos durante o reinado de Isabel e Fernando: o caso galego

Se a cronística constituíu desde o século XIII un dos xéneros literarios más destacados do aparello político castelán, no século XV este adquiriu unha nova dimensión ao abeiro das novas correntes políticas, así como en xeral, das esixencias culturais e literarias do nacente humanismo. Na coroa castelá, con especial énfase no longo do reinado de Fernando e Isabel, o traballo de cronista real centrouse na glorificación dos monarcas, “sus hazañas y las de sus antepasados”, impulsándose unha historia oficial da coroa e dos seus representantes (Hernández Martínez 2013: 235). Deste xeito, os cronistas convertéronse en auténticos ideólogos dun relato oficial plasmado e desenvolvi-do en obras literarias entendidas como “«elementos eficacísimos» en el fortalecimiento del poder real y en la elaboración de la nueva forma política de Estado” (Antelo Iglesias 1990: 23). No caso castelán, comportou un caso especialmente transcendente a propaganda

isabelina, coa cal se procurou xustificar a discutíbel lexitimidade da nova raíña mediante unha maniquea dicotomía co seu precedesor, Henrique IV. Así, se os cronistas rexios procuraron transmitir unha imaxe de Henrique como “desconfiable, unas veces tiránico y otra débil, [...] incapaz de dirigir las riendas de Castilla”, Isabel foi coidadosamente presentada como un aspirante “seguro de sí mismo y de su misión política, aupado por Dios para salvar a su reino y a sus súbditos, devolviéndoles la paz, la justicia y el orden” (López Gómez 2020). Mais para alén da propia denigración do Outro, o enxalzamento do bando isabelino e da raíña sustentouse en “argumentos populistas” á vez que se “contrapuso el difícil ambiente de tiempos de Enrique, la desilusión que entonces reinaba, y el nuevo escenario de justicia y paz que iba a surgir con la llegada de Isabel”.

A pesar de constituir postulados propagandísticos e ideolóxicos de vello cuño, o certo é que estes, da man da creación humanista e da emerxente imprenta, tiveron “una proyección como la que nunca habían tenido, hasta el punto de poderse concluir que uno de los éxitos de Isabel y Fernando lo conformó el desarrollo de sus medidas de propaganda” (*Id.*). Esta xeira de cronistas, erixidos en auténticos apoloxtas dos designios reais, serán os encargados de difundir, a través dunha intensa e ampla producción literaria, un relato oficial destinado resolver aqueles temas máis controvertidos arredor dos novos monarcas, especialmente no que atinxe á lexitimidade de Isabel, a defensa do autoritarismo real e o uso dunha “violencia xusta” nas accións político-bélicas dos monarcas, identificándoos como “instrumentos pacificadores de Dios” á vez que presentaban a Fernando e Isabel como “los «elegidos» para devolver la paz a Castilla” (*Id.*). Con este obxectivo son concibidas non só numerosas crónicas tradicionais como as *Décadas* de Alfonso de Palencia, ou as escritas por Diego de Valera, Pulgar ou Marineo, mais tamén obras más específicas como *Bellum Navarrense*, “cuya difusión tanto interesaba a Fernando para justificar la conquista de aquel reino y legitimar su incorporación a la corona de Castilla” (Fontán 2002: 45), ou *Bellum adversus*

Granatenses, en que se defende o expansionismo castelán invocando a relixión. Nesta empreza non xogarán un papel accesorio aquelas imaxes tópicas e estereotipos denigrantes, en tanto que elementos destinados a xustificar discriminación e subordinación de outros grupos (Zastrow 2013: 397), deshumanizando o “Outro”, tal como xa fixera Alonso de Cartagena para xustificar a conquista dos canarios (Olmedo Bernal 1995: 199), ou considerándoos salvaxes, como Palencia presentaba a vascos e navarros en *Gesta Hispaniensia*⁹.

Do mesmo xeito, e seguindo as tendencias culturais ao abeiro dos *studia humanitas* catrocentistas, a literatura latina e a *auctoritas* clásica tamén se perfilarán como argumentos eruditos, ergo válidos, na retórica propagandística ao servizo do discurso político, invocando decote vellos prexuízos étnicos presentes no imaxinario cultural. Unha praxe discursiva ben visíbel entre a intelectualidade europea da época se se repara en casos ben paradigmáticos como o do humanismo antiitálico de Conrad Celtis, quen se valería da *Germania* de Tácito para defender o orgullo e sentimento panxermánico, ou da historiografía pontifícia, que non dubidaría en utilizar os *Commentarii de Bello Gallico* para exemplificar a superioridade itálica fronte Luís XII de Francia (Rospocher 2013: 110).

No caso galego, as liñas ideolóxicas da literatura cronística áulica mantiveron o seu discurso e engadiron novos matices que lle confiren unha caracterización singular. Así, a denigrada imaxe do reino galego como a dos seus habitantes será instrumentalizada en favor dos intereses da coroa castelá, a fin de xustificar as súas accións, especialmente no relativo á confrontación bélica e o establecemento posterior de todo un aparello institucional dirixido a garantir a autoridade real en Galiza. Para alén do uso recorrente da historiografía latina, a cronística castelá ao servizo de Fernando e Isabel reincidirá, como noutros casos, no uso dun discurso providencialista para engrandecer a memoria dos soberanos e dos seus enviados e, á vez, criminalizar os seus opositores galegos. Se ben a presenza de Galiza ao longo da cronística áulica resulta exigua se se comparar con outros casos –véxanse casos

⁹ “En ellos habitan los vascos, muy semejantes en lengua, traje y costumbres á los navarros, guipuzcoanos y vizcaínos [...] Todos ellos se entregan al robo y tratan de engrosar las fuerzas de sus partidos en juntas y convites entre sus parciales, en que gastan la mayor parte de su tiempo. Ni obedecen las leyes ni son capaces á regular gobierno; su idioma y sus costumbres con ningún otro pueblo tienen semejanza; sólo en la avaricia igualan, si no superan, á los más avaros que aun entre padres é hijos es corriente la usura (Palencia 1904: 245-246).

anteriormente referidos –, esta non deixou de captar a atención dos principais cronistas ao servizo de Fernando e Isabel, como foron Alfonso de Palencia, Diego de Valera, Hernando de Pulgar e Lucio Marineo Sículo, constituíndo unha copiosa producción de obras que cómpre analizar pormenorizadamente.

4.1. *Gesta hispaniensia: ex annalibus suorum dierum collecta*

Máis coñecida baixo o nome de “Décadas”, *Gesta hispaniensia* representa o gran proxecto historiográfico de Alfonso de Palencia (1423-1492), reputado humanista castelán e un dos máis notábeis intelectuais ao servizo dos Reis Católicos. De formación nomeadamente itálica, Palencia mantivo unha estreita relación con destacados eclesiásticos como Basilio Bessarion ou Alonso de Fonseca I, e aínda coa corte de Henrique IV de Castela, onde ostentou cargos de singular relevancia como conselleiro, diplomático e cronista real desde 1456 (Hernández Martínez 2013: 241). Porén, cando o reinado deste último comezou a dar mostras de fraxilidade, Palencia soubo manter a súa influencia ao tempo que reorientaba as súas simpatías políticas cara á Liga Nobiliaria contraria ao monarca, e da cal o cronista axiña se convertería no seu principal voceiro e ideólogo. O seu relevante valor como propagandista da causa isabelina –e aínda do enlace matrimonial castelán-aragonés– valeríalle o cargo de secretario persoal de Isabel e Fernando II de Aragón, así como o nomeamento de cronista oficial pola parella en xaneiro de 1471 (*Ibid.*: 243).

Este escenario de confrontación política será o que resulte determinante para que a partir de 1467 Palencia comece a redactar *Gesta Hispaniensia* (Alemany Ferrer 1983: 202-203), escrita en latín e concibida como unha gran obra humanística tras a que, entre outros fins, se “perseguiría la deslegitimación de Enrique IV y la defensa de un modelo monárquico

puesto al servicio de los intereses de la Liga Nobiliaria” (Montero Málaga 2013: 116). Na procura deste obxectivo político, Palencia non dubidaría en demonizar publicamente a figura de Henrique IV, erixíndose, desde a década dos sesenta do século XV, no principal creador da propaganda contra este rei (Carrasco Manchado 2006: 136-137), retratado como un monarca inmoral, tiránico e malvado, para alén de “destructor del reino y enemigo de la república” (Palencia 1999: II, 302). Este retrato maniqueo será estendido por Palencia a todos os seus rivais políticos, especialmente sobre aqueles nobres que sustentaron o governo de Henrique IV e/ou participaron activamente no bando xoanista, caso de Beltrán de la Cueva, a quen Palencia describe como “hombre nuevo de malas costumbres, poco honesto y desprovisto de de toda cualidad de nobleza”, criminal¹⁰, como do irmán deste, o bispo Gutierre de la Cueva¹¹, entre outros¹². Se ben as referencias ao sometemento ou “doma” de Galiza resultan inexistentes na *Gesta hispaniensia*, dado o especreo cronolóxico que abrangue (1440-1481), a súa proximidade temporal a esta si concede gran importancia á obra, en tanto que prólogo inmediato dese suceso como de punto de partida dos seus protagonistas. Nel, o retrato que destes realiza o palentino está orientado a enaltecer aquelas figuras políticas estreitamente ligadas á súa propia persoa, caso do arcebispo Afonso de Fonseca II, relevante protagonista da Liga Nobiliaria, como tamén, e moi especialmente, os novos monarcas castelán-aragoneses e o seu corpo de funcionarios e militares enviados a Galiza. Desde esta intencionalidade ideolóxica, as referencias que Palencia realiza sobre Galiza e os seus habitantes resultan condicionadas pola lealdade maioritaria do reino en favor de Henrique IV como da súa filla, Xoana. Unha afinidade que o propio Palencia revela no seu libro VII da década X¹³, sinalando o propio episcopado galego¹⁴ –ágas o consabido caso compostelán– como leal a

¹⁰ Nótese a seguinte afirmación: “todos habían oído muchos y muchos presenciado los infinitos excesos, o mejor dicho nefandos crímenes de Beltrán, cuyos efectos corruptores ningún católico, ningún hombre sensato debía dudar acarrearían la desolación del reino” (Palencia 1999: II, 287).

¹¹ Definido como “hombre malvado e ignorante de todas las artes buenas” (*Ibid.*: 292).

¹² Véxanse descripcións como as Alfonso de Sotomayor (*Ibid.*: 252).

¹³ Eis as súas palabras: “[...] además las ciudades de Segovia, Salamanca, Zamora, León y Astorga, y en Celtiberia la de Calahorra. Las otras eran opuestas a Enrique. En cambio, seguían su parcialidad los gallegos, los vizcaínos, los guipzcoanos, y la parte de Asturias que linda con los vizcaínos” (*Ibid.*: II, 310).

¹⁴ Repárese na alusión ás cadeiras episcopais galegas: “Seguían a Enrique muchos obispos. Entre ellos los que tenían sillas en Galicia fueron forzados por la necesidad; también el obispo de Astorga [García Álvarez de Toledo], porque Astorga se había sometido a la obediencia del conde de Trastámarra” (*Ibid.*: 313).

Henrique IV, sen pasar por alto o respaldo dos grandes nobres galegos a Xoana e a Afonso de Portugal, até o punto de consideralos os seus completos devotos¹⁵.

Sen dúbida, a súa condición de voceiro dos intereses rexios, mais tamén de home vinculado aos Fonseca, de quen recibira mecenado, terá moito que ver na campaña de desprestixio que Palencia dirixa nesta obra contra nobreza galega, tratada de tiránica, insolente e violenta, o que, en última instancia, explica a retórica populista de Palencia á hora de defender o papel das *hermandades*¹⁶ e, no caso galego, as guerras irmandiñas (1467-1469). Estes adquirirán unha nova dimensión e pasarán na mentalidade da Liga Nobiliaria de ser un posíbel atranco no ascenso de Isabel a unha peza útil –mesmo indispensábel– na debilitación da nobreza galega e, xa que logo, na consolidación quer da lexitimidade de Isabel quer do autoritarismo político encarnado polos novos monarcas. Un cambio de criterio que revelan con nitidez as palabras do propio Hernando de Pulgar en *Letras* (Burgos, ca. 1485), a través dunha misiva a Íñigo Manrique de Lara, entón bispo de Coria, no ano 1473, ao sinalar como “las guerras [irmandiñas] de Galicia, de que nos solíamos espeluznar, ya las reputamos ceviles y tolerables, *immo*, lícitas (Fernández Álvarez 1979: 136), en canto que favorábeis aos intereses da Liga Nobiliaria a que ambos pertencían. Deste xeito, identificados xa na *Gesta* os diferentes actores e asignados os seus antagónicos papeis, Palencia tentará presentar Isabel e Fernando como a solución ao caos, á inestabilidade e ao sufrimento do pobo galego que o cronista atribúe, interesadamente, ao escaso dominio efectivo que até entón adoecía a monarquía castelá sobre o reino galego, establecendo así unha antítese entre os antigos soberanos casteláns, presentados como desdiados co pobo galego, fronte a “preocupación” de Isabel e Fernando, identificados como xenuínos liberadores do pobo galego:

Después que el rey y la reina [...] tenían el proyecto de ocuparse con más cuidado de la provincia de Galicia, afligida por una múltiple y reiterada tiranía, tanto porque, pobre, por naturaleza, tenía los sentidos propensos a la lucha, lo mismo que a vivir del robo, cuanto porque era visitada muy de tarde en tarde por los reyes de Castilla, que desde tiempos antiguos no tenían la menor preocupación por prestar ayuda al pueblo gallego, vejado cruelmente por la gente principal. (Palencia 1974: II, 225)

A fin de lexitimizar e xustificar as accións dos novos monarcas, incidirá Palencia, ao longo da obra, no descrédito dos nobres galegos, retratándoos como homes “sanguinarios” e “usurpadores”, para alén de “tiranos”, termo que, como viu Corral Sánchez (2021: 171), foi comunmente utilizado por Palencia para se referir aos nobres díscolos fronte a autoridade dos Reis Católicos, entre os que sobresaen, no contexto galego, Pedro Álvarez de Soutomaior e Pedro Pardo de Cela, aos que o cronista castelán sitúa no bando xoanista e, xa que logo, de Afonso V de Portugal:

También los gallegos sufrían á menudo graves extorsiones de los portugueses, favorecidos por algunos magnates más amigos de la tiranía que de la paz. Entre ellos se contaba á Perálvarez de Sotomayor, tirano de Tuy, ciudad separada del territorio portugués por el Miño. Por la parte de Asturias, frontera de Galicia, el sanguinario bandido Pedro Pardo, tirano de Mondoñedo, y ocupador de la villa de Vivero, asolaba los pueblos fronterizos de Galicia, favoreciendo á los portugueses contra los partidarios de D. Fernando. [...] Vino a favorecer su resistencia la expedición de los vascongados, que con 30 naves arribaron á las costas de Galicia [...] Gracián de Agramonte y algunos valientes vascongados tomaron la villa de Vivero, de donde expulsaron á la mujer de Pero Pardo. (1908: IV, 284-285)

Porén, tampouco evitará Palencia o uso de estereotipos que conecten o público lector

¹⁵ Con estas palabras se refiere Palencia aos nobres: “y con tan fuerte armada, subyugar las Vascongadas y después enseñorarse de Galicia, cuyos Grandes, á excepción del Arzobispo de Santiago D. Alfonso de Fonseca, favorecían todos al Lusitano. Pero aquél, decían, abrumado con prolongadas desgracias, no podría resistir el empuje de sus adversarios los Grandes, y, ó sucumbiría al peso de tanta desdicha, ó seguiría á los más poderosos magnates gallegos á completa devoción del rey de Portugal” (1908: IV, 409-410).

¹⁶ Así narra Palencia o espallamento da *Hermandad*: “Esta tentativa de los naturales de Segovia atrajo a todos los habitantes de Carpetania, y después a los celtíberos [...] y a todos los gallegos tantas veces oprimidos por sus tiranos, [...] Con esto, los moradores del territorio de Segovia cobraron audacia: se apoderaron de algunos satélites de Enrique, los ataron a los patíbulos y los asaetearon. Infundieron tal pavor a los bandidos que sirvió de ejemplo a los pueblos confinantes para establecer la Hermandad. [...] En corto tiempo los gallegos no sólo arrancaron de las selvas a los ladrones y los arrastraron al patíbulo, sino que rindieron muchas fortalezas tenidas por inexpugnables y derrotaron al conde de Lemos, el más poderoso de los nobles de la provincia” (1999: II, 358).

cos seus prexuízos, apelando deste xeito ao imaxinario colectivo, a fin de espertar unha maior sensación de verosimillanza, atribuindo ao conxunto da poboación galega certos trazos morais reprobábeis como a avidez e a belicosidade para, finalmente, tirar proveito dun prexuízo ben espallado entón na Castela catrocentista: a pretendida pobreza de Galiza, país descrito como “pobre por naturaleza”. Esta imaxe deostada de *locus terribilis* será completada por Palencia ao se referir ao galego como un reino afastado por altas montañas e un mar sempre ovelladou para alén dunha perigosa veciñanza coa outra gran monarquía ibérica: a portuguesa. Unha descripción depauperada que mostra un nítido castelancentrismo –nótese a direccionalidade concibida por Palencia– de quen consideraba Galiza como unha nación excéntrica en tanto que “arredada” da meseta (“separada de la llanura campestre”):

Entre otras razones que estimulaban a los reyes bastante preocupados por visitar Galicia, se contaba la de su situación: separada de la llanura campestre por altas montañas, toca al océano occidental desde las fronteras lusitanas hasta el mar de Bretaña; y hacia la parte occidental con el infinito y perpetuamente encrespado mar. El descuido —como hemos dicho— de los reyes contribuyó a volver más insolentes a los gallegos. (Palencia 1974: II, 225)

4.2. *Bellum adversus Granatenses*

Considerada como a derradeira obra historiográfica de Alfonso de Palencia, a redacción de *Bellum adversus Granatenses* –máis coñecida baixo a denominación de *Guerra de Granada*– remontase aos últimos anos de vida do humanista castelán e nella son recollidos os acontecementos relativos á ofensiva bélica emprendida por Fernando e Isabel contra o rei Boabdil de Granada. Escrita en latín, para alén dun maior focamento temático, a redacción da obra nace, en gran medida, debido a un profundo cambio nas relacións entre os monarcas e o propio Palencia, destituído do

cargo de cronista real en 1481 como consecuencia das súas desavinzas coa raíña Isabel tras as Cortes de Toledo (Hernández Martínez 2013: 243). Porén, após recuperar o favor real, sería a propia soberana quen solicitaría a Palencia a elaboración dunha obra historiográfica destinada a enxalzar a memoria do seu reinado e xustificar o expansionismo castelán sobre o Estado granadino, revestíndo dun espírito de cruzada, e presentándoo como unha “justa y necesaria guerra” (Palencia 1909: V, 6).

Se ben a obra versa principalmente da contenda bélica, Palencia non deixa pasar a oportunidade de abordar aqueles acontecementos que escaparan á súa pluma en *Gesta Hispaniensia*, tales como a intervención dos Reis Católicos no reino de Galiza na década dos anos 80 do século XV. Deste xeito, se na *Gesta Palencia* apenas ten ocasión de se referir ao inicio do “proxecto” político que Fernando e Isabel preparaban para Galiza, en *Bellum adversus Granatenses* o palentino trata de perto certos acontecementos políticos de gran calado no territorio galego, recorrendo a un discurso político que apenas difire do utilizado en *Gesta Hispaniensia*. Así, redundando na mesma retórica propagandística que tan útil se revelara anos atrás, o cronista retoma os consabidos argumentos populistas en favor daqueles que servían aos intereses rexios, tales como a propia *Hermandad*¹⁷ ou o vicerrei Acuña, a quen Palencia describe como “caudillo de 400 caballos por D. Fernando y D.^a Isabel” (1909: V, 18), presentándoo como valedor do pobo galego. Aínda así, será o arcebispo Fonseca II, íntimo amigo de Palencia, quen acumule maiores louvores na obra –mesmo fronte a Acuña¹⁸–, sendo descrito como “varón justo y doctísimo” pero sobre todo “constante y leal partidario de los Reyes [Católicos]” (*Id.*).

No outro extremo discursivo, Palencia continuará –e afondará– na campaña de demonización da alta aristocracia galega, cuxos membros non deixa de considerar “tiranos”, “sediciosos” e “acostumbrados a revueltas y rapiñas”, así como ao “desenfreno y temeraria

¹⁷ “En Galicia, los pueblos, víctimas de inveteradas iniquidades, obligaron a sus nobles, acostumbrados a revueltas y rapiñas, a reconocer la autoridad de la hermandad, ya establecida en las otras provincias de Castilla. En este movimiento ayudó a los gallegos Fernando de Acuña, caudillo de 400 caballos por D. Fernando y D.a Isabel, y sujeto de nobles prendas” (Palencia 1909: 18).

¹⁸ Del afirma: “aunque se portó mal con el arzobispo de Santiago, D. Alfonso de Fonseca o de Acevedo, constante y leal partidario de los Reyes, pues después de disfrutar del hospedaje del Prelado él y su escuadrón, le obligó a abandonar la Sede y a salir de Santiago para ir a demandar justicia a la Reina, a la sazón en Valladolid” (Palencia 1909: 18).

osadía” (*Id.*). Deles, con certeza serán os sucesivos condes de Lemos –Pedro Álvarez Osorio e Rodrigo Henríquez de Castro– os que maior atención merezan a Palencia, mostrando a súa desconfianza –e a dos monarcas– fronte a Pedro Osorio e nomeadamente sobre o seu sucesor, a quen o historiador castelán describe como o “rebelde conde”, non sen ocultar o “afecto que contaba entre los gallegos”, os seus “compatriotas” (*Ibid.*: 232). Estas diferentes perspectivas entre o “afecto” que puideron espertar na súa propia patria certos nobres galegos¹⁹, e a súa consideración de rebeldes e tiranos ao longo cronística castelá revela a existencia dunha outra visión dos feitos –a autóctona–, silenciada polo discurso oficial e posiblemente ben contraria ao relato promovido por Fernando e Isabel a través do potente aparello propagandístico en que se insire a producción historiográfica. Un discurso alternativo cuxos ecos semellan atoparse aínda no século XVII, quer nas palabras do conde de Gondomar sobre o sufrimiento de Galiza²⁰, quer na pluma do xesuíta Juan Álvarez Sotelo, quen a finais do século XVII afirmaba “estar Galicia desde los años mil quinientos gobernada y tiranizada, así en lo espiritual como en lo temporal por extraños, de los que trae la mala ventura de este Reino (*apud* Eiras Roel 2004: 48-49).

Sen dúbida, a gran novidade retórica que Palencia introduce en *Guerra de Granada* será o uso dunha descripción etnográfica especialmente denigrante que excede a nobreza e abrangue o conxunto do pobo galego (“hasta los que sufrían las violencia de la tiranía”), albiscándose nel a presenza dunha galaicofobia nítida que afondaba as súas orixes nas relacións políticas entre o monarquía castelá e a nobreza galega. A través dunha descripción das “costumbres de los gallegos”, Palencia redacta a que pode considerarse unha das primeiras –senón a primeira– descripción dun estereotipo antigalego emanado desde Castela e no que os galegos son concibidos como un pobo violento, malvado, sacrílego e salvaxe:

Una vez desaparecido el pesar que sentían los Reyes por la reconocida maldad de los gallegos, arraigada en sus costumbres por larga práctica de desafueros y siempre en busca de males y

subterfugios para prolongar de siglo en siglo sus desenfrenados hábitos de vida, como gente hecha a la lucha sangrienta de encarnizados bandos, quebrantadora de toda fe y juramentos y entregada al lujo, a la glotonería y a las demás disoluciones. Connaturalizados con ello los gallegos, rechazaban todo remedio equitativo, y no sólo los más poderosos, sino hasta los que sufrían las violencias de la tiranía, y que alternativamente y por mucho tiempo hacían a otros víctimas de sus atropellos. Cuando carecían de recursos, despojaban de los suyos a sus conciernos o atentaban contra su vida entre el encarnizado fragor de las facciones, huyendo luego a esconderse en la espesura de las selvas llenas de malezas y breñales. (Palencia 1909: 255)

Non moi afastadas doutras descripcións etnográficas como as que Palencia dedica a vascos e navarros, na realidade, as referencias antiguas contidas en *Bellum adversus Granates* resultan por todo coherentes co sentir que o humanista castelán deitaba sobre os galegos na *Gesta*, quer nas mencións referentes aos galegos propriamente como grupo étnico e/ou nacional quer nas referencias á súa patria, descrita como un lugar áspero e selvático, propicio, por tanto, para a bandidaxe. Na súa descripción, Palencia non só bebe do imaxinario colectivo castelán, compartido polos propios monarcas –os cales non dubidaban en considerar os habitantes de Galiza como xentes “recias e feroces” (*apud* García Oro 1987: I, 372)– senón tamén dun profundo coñecemento dos clásicos grecolatinos –especialmente da obra de Tito Livio, Estrabón, Plinio e Orosio, entre outros–, o que en última instancia permitía ao cronista trazar certas analoxías co desenvolvemento das “Guerras Cántabras” en tempos de Augusto. Porén, a *auctoritas* clásica representa para Palencia un recurso argumentativo con que conseguir un duplo obxectivo: revestir dunha suposta imparcialidade a demonización dos galegos (galaicofobia), á vez que engrandecía as figuras de Fernando e Isabel, elevándoos mesmo sobre dos reputados xenerais romanos, á hora de someter o territorio galego:

Pero a estos hombres, que de intento caminaban descalzos, poco les importaban las asperezas, encallecidos sus pies con el hábito de pisar los

¹⁹ Repárese no cantar de sabor popular: “Viva la palma, / viva la flor, / viva Pedro Madruga de Soutomaior”.

²⁰ “No se hallará ni por tradissão [sic] ni por escritura que gallego ninguno aya sido traidor a Dios ni a su señor, ni se ha visto gallego herege ni judaizante, ni matador alevoso, ni pueblo rebelado. Pues ¿de qué naación en el mundo se puede decir esto? ni ¿qué naación conquistada sufre sin ofender a su lealtad ni aún con los pensamientos y lo que sufre Galicia?” (*apud* Manso Porto 1996: 187).

abrojos de los matorrales, y no les infundía el menor temor el formidable acoso de la caballería, a pesar de que los principales de aquella región eran muy diestros en el cabalgar. En los combates por tierra, sin embargo, los generales romanos encontraron igual resistencia en todos estos pueblos, porque los gallegos, algunas veces, y los cántabros a menudo, sostuvieron con aquellos invasores encarnizada lucha, resueltos a arrostrarlo todo por su libertad. Por inveterada costumbre son los gallegos inclinados a maleficios y hechicerías, y estos detestables procedimientos podían haber retraído en gran manera a los Reyes de visitar una región tan infestada; mas las singulares dotes de D. Fernando y de D.^a Isabel rompieron toda dilación y supieron alcanzar el fin que se proponían. (Palencia 1909: 256)

4.3. A *Chronica de los Reyes Católicos* de Diego de Valera

Escrita en lingua castelá, a *Chronica de los Reyes Católicos* supón unha das más destacadas achegas ao eido da historiografía de Diego Valera (1412-1488), cabaleiro e intelectual toledano que, malia ostentar relevantes cargos nos reinados de Xoán II e de Henrique IV, acabaría por se tornar nun acérrimo defensor da Liga Nobiliaria e da lexitimidade de Isabel. Autor de obras como o *Tratado en defensa de virtuosas mugeres* (1441) ou *Espejo de la verdadera nobleza*, a diferenza de Alfonso de Palencia, Diego de Valera nunca chegou a recibir o título oficial de cronista rexio, o que non lle impediu desenvolver unha producción historiográfica nada desprecíbel que inclúe obras como o *Memorial de diversas hazañas* (ca.1481) ou a *Crónica de Hyspaña* (1482). Como sinala Moya García, a pesar das súas evidentes diferenzas, tanto de natureza temática como estilística, todas as obras historiográficas de Valera “tienen en común el ser un importante elemento propagandístico” (2008: 157) ao servizo de Castela e, en especial do goberno de Fernando e Isabel, no que se albiscan os tres piáres fundamentais do ideario político destes monarcas: o supremacismo castelán, o goticismo e a continuidade e lexitimidade dinástica na persoa de Isabel de Trastámara (Moya García 2011: 14).

Próximos ideolóxicamente e persoalmente, a pesar de que a obra de Palencia debeu posuér unha certa influencia na *chronica* de Valera, tal e

como apunta Baranda Leturio (2009: 200), isto non impidiu que a obra adquirise unha personalidade propia. Esta orixinalidade obsérvase, entre outras, nas referencias novedosas que do reino de Galiza e dos acontecementos políticos que tiveron lugar a finais do século XV se fai eco o texto valeriano, mantendo, por outra parte, a liña ideolóxica oficial e o discurso propagandístico que o sustentaba. Así, após dedicar unha exigua atención ao que o toledano deu en chamar “las cosas que en Galicia en este tiempo se hisieron”, é nos capítulos XXXV e XLIX da obra onde o toledano achega maior información sobre os acontecementos galegos. Neles, dun xeito análogo ao de Palencia, o cronista dedicará os maiores louvores a Fernando e Isabel, atribuíndolle “fazer grandes justicias en aquel reyno” (1927: 196), así como o feito de “pacificar” este –terminoloxía recollida posteriormente por Pulgar–, o que esixiría “derribar diez fortalezas muy principales”, tomando “otras veinte” e apresando a “los principales cavalleros de aquel reyno” (*Id.*).

No caso dos aliados rexios, a diferenza de Palencia, Valera prescinde de referencias ás “hermandades” e evita a retórica populista deste para se referir ao arcebispo compostelán Alfonso de Fonseca II, de quen louva a súa figura e cualifica como “notable varón e muy prudente, verdadero servidor del rey don Fernando” (1927: 91), así como Fernando de Acuña, descrito como “justicia mayor [...] mançeo muy noble e mucho esforçado [...] y muy prudente Cavallero” (1927: 103); porén, omite calquera fenda entre ambos. A este último atribuirá Valera o derrubamento de 45 fortalezas e o axustizamento de máis de 300 malfeitos, deixando, en palabras do toledano, “a Galicia muy sosegada” (*Ibid.*: 104), polo que recibiría a grazia real na súa volta a Castela.

A imaxe que dos nobres galegos transmite Valera comparte con Palencia o seu carácter fortemente denigrante, se ben que o primeiro incide con mais vehemencia na criminalización destes, identificándoos non só como tiranos mais tamén como “ladrones” e “robadores”²¹. No entanto, o relato do cronista toledano non é capaz de agochar o forte componente político que esta parcialidade comportaba, tal e como o mostra acusación de tiranía que Valera deita sobre as figuras de Pedro Álvarez de Soutomaior como de Pedro Pardo de

²¹ Véxase a relación que Valera establece entre tiranía e roubo: “falló aquel reyno tiranizado por diversas partes, e la tierra sin toda justicia, llena de ladrones e robadores” (1927: 103).

Cela²²; este é colocado por Valera, non por casualidade, a carón da causa de Afonso V de Portugal e da raíña Xoana, omitindo, con todo, calquera referencia a esta última como ao problema sucesorio. Así, baixo o epíteto de “robadores” e “ladrones” incluía Valera a unha parte nada desprecíbel dos rivais políticos de Isabel. Entre eles, cómpre destacar a especial atención que o cronista dedica ao conflito armado entre o vicerrei de Galiza, o castelán Fernando de Acuña, e o mariscal Pardo de Cela, detallando o asedio aos castelos da Frouxeira e Castro de Ouro, así como o apreixamento do galego xunto a outros cabaleiros (“hombres de estado e linaje”), os cales correron a mesma sorte que Pardo de Cela²³ e finalmente foron degolados por mandato do propio Acuña, seguindo o relato da crónica valeriana.

Retratado como un tirano na cronística castelá, o relato alóctono creado arredor da figura de Pedro Pardo de Cela non deixa de contrastar fortemente co relato local conservado secularmente na tradición oral, no cal se dotaba ao mariscal galego de atributos heroicos e virtuosos, e á súa resistencia no castelo da Frouxeira como un suceso épico. Unha descripción que viña coincidir coa imaxe que do mariscal se transmite no coñecido *Pranto da Frouxeira*, escrito poucos anos máis tarde da execución do nobre por unha pluma letrada en lingua galega, en que se establece un paralelismo entre o apresamento de Pardo de Cela a captura de Cristo no relato bíblico, coa traición de fondo como nexo común (Meilán García 2004: 162-163). Estes feitos, sumados ás diversas medidas sancionadoras en Galiza contra os vasalos traidores a Pardo de Cela, non fan senón poñer en cuestión a imparcialidade do relato de Valera ou cando menos a verosimillanza dunha propaganda aúlica arredor deste nobre. De calquera xeito, o de Pardo de Cela non representa

un caso illado na propaganda aúlica. Abonda reparar, nese sentido, nas palabras que o historiador galego, Vasco da Ponte (1470-1535), dedicaba a un dos cabaleiros peor tratados da crónistica castelá: Pedro Álvarez de Soutomaior. O letrado coruñés defineo como “buen cavallero”, “mui sabio” e “franco”, pala alén de o considerar enérxico e sobrio (1872: 482).

Ademais de profundar en sucesos que ben non mereceron a atención de Palencia ou ben pasaron desapercibidos para a pluma deste, o relato de Valera tamén marca distancias co cronista rexio en tanto que decide prescindir do uso dun estereotipo antigalego como da *autorictas* latina, talvez porque, a diferenza de Palencia, amplio coñecedor da literatura latina e dos seus recursos propagandísticos, Valera non dispuña da bagaxe intelectual do primeiro ou porque este non vía a necesidade de reforzar o seu discurso político con estes elementos argumentativos. Con todo, a *Chronica* non resulta opaca no tocante aos prexuízos do autor sobre o territorio galego, sinalando del que a súa “tierra era muy áspera y llena de grandes ríos e marismas” (1927: 103), para alén das consabidas referencias á fragosidade de Galiza e os seus camiños²⁴. Estas alusións xeográficas súmanse á propia visión castelancéntrica dun autor que non deixa de concibir Galiza como un espazo exótico e lonxincuo (“yr allá”, “aquel reyno” etc.), especialmente fronte unha Castela presentada como centro do relato (“se vino en Castilla”²⁵).

4.4. *Chronica de los muy altos y esclarecidos reyes Catholicos don Fernando y doña Ysabel de gloriosa memoria*

É esta, sen dúbida, unha das obras historiográficas más referenciadas de cantas foron redactadas durante o reinado de Fernando e Isabel. A

²² Repárese na apreciación de Valera ao afirmar a filiación política de Pardo de Cela: “Y en este tiempo, los portugueses hazían grandes daños en Galicia, con favor de Pero Alvarez de Sotomayor, que la cibdad de Tuy tiránicamente posseya, e de Pero Pardo, que la villa de Vivero tenía en favor del rey de Portugal. E la cibdad de Santiago con grand trabajo defendía el arcobispo don Alonso de Fonseca notable varón e muy prudente, verdadero servidor del rey don Ernando” (1927: 90).

²³ Repárese na relación de nomes que ofrecer Valera: “E con él a Pedro de Miranda, e a García Rodríguez de Hordel, e a Bartolomé de Bahamonde, e a un fijo del mariscal, e a otro hijo de Pedro de Miranda, los quales todos por su mandado fueron degollados” (1927: 104).

²⁴ Así describe Valera o territorio galego ao se referir á campaña de captura de Pardo de Cela: “se partió un día sin que persona supiese para donde yva, con solamente cien lanças e veinte peones de su casa, todos lança en puño, sin pajés, porque la tierra era muy áspera y llena de grandes ríos e marismas. Mandó llebar muchas hachas y velas de cera; porque el camino era muy fragoso y estrecho, mandólas repartir por la gente, porque todos se alunbrassen, e con todo eso perdió veinte escuderos en el camino” (1927: 103).

²⁵ Con esta referencia alude Valera á marcha de Acuña: “Y estas cosas así prósperamente acabadas, don Fernando de Acuña, dexando a Galicia muy sosegada, se vino en Castilla para el rey e reyna nuestros señores, de los cuales fué muy bien recibido” (1927: 104).

súa autoría, embora ser atribuída durante anos a Antonio de Nebrija, correspondeu ao letrado castelán de orixe xudeo-conversa, Hernando de Pulgar (ca. 1430-1492). Autor doutros títulos como *Claros varones de Castilla* (Toledo, 1486), malia que a súa vida mantivo un forte vínculo coa corte castelá desde tempos do rei Xoán II de Castela (1406-1454), foi a finais do reinado de Henrique IV —a quen serviría como secretario (Corral Sánchez 2021: 90)— cando Pulgar adquira un destacado papel na vida política peninsular ao se converter nun sobranceiro propagandista da causa isabelina. Este apoio incondicional a Isabel e Fernando, de quen chega a ser secretario, sumada ás súas estreitas relacións cos círculos aúlicos, nomeadamente co cardeal Pedro González de Mendoza, levárian os monarcas a nomealo cronista real, cargo ostentado até entón por Alfonso de Palencia, convertendo deste xeito a Pulgar no principal voceiro da política oficial da parella real desde 1481. Fervente defensor dos dereitos de Isabel ao trono castelán e representante da Liga Nobiliaria, malia a súa evidente parcialidade, no que atinxe ás referencias galegas a *Chronica* de Pulgar pode considerarse unha das principais achegas da crónistica rexia castelá arredor da campaña dos Reis Católicos no reino de Galiza. Así, Pulgar consagrará o capítulo XCVIII, titulado “Proveimiento que el Rey et la Reyna mandaron facer en el Reyno de Galicia”, a narrar, xustificar e louvar as accións bélico-políticas implementadas polos reis castelán-aragoneses a fin de afianzar a autoridade castelá en Galiza. A pesar das evidentes diferenzas que individualizan a obra de Pulgar en face doutros cronistas aúlicos, especialmente no que atinxe á erudición humanista representada por Alfonso de Palencia, o relato dos acontecementos galegos que Hernando de Pulgar ofrece na súa *Chronica* segue a liña discursiva e ideolóxica marcada polos seus predecesores, especialmente a de Diego de Valera, non sen achegar novos enfoques derivados da súa formación bíblica e patrística (*Id.*: 91) e áinda daqueles sucesos que viviu de primeira man.

Para alén de continuar a estratexia discursiva que imputaba a “tiranía” a gran parte do estamento nobiliario galego, o discurso de Pulgar non só reincide na indolencia dos reis casteláns precedentes, como fixera Palencia, senón que mesmo precisa as súas críticas aos

reis Xoán II e Henrique IV²⁶, establecendo así unha interesada dicotomía entre estes e os novos monarcas. Porén, Pulgar afástase do populismo de Palencia, orientado a presentar os monarcas como valedores do pobo galego, para facer dos reis os auténticos “subxugadores” —*manu militari*— de Galiza (“aquel reyno”). Un sometemento que Pulgar non limitaba aos grandes señores (“cavalleros”) de Galiza senón que, como recoñecía o propio cronista, tamén debía ser exercido sobre o conxunto dos seus habitantes, pois tanto uns coma outros resultaban tributaria e xudicialmente rebeldes aos monarcas (“ni los moradores del cumpliā sus mandamientos”). Este argumento servía a Pulgar para lexitimiar o control íntegro do reino á vez que confería maior dificultade e, xa que logo, grandeza á empresa rexia en Galiza:

Y porque el reyno de Galizia por muchos años auia estado en guerra y corrupciones, las cuales duraron tanto tiempo, que los moradores de toda aquella prouincia, estauan sujetos a los tyranos y robadores: y ni el rey don Enrrique hermano de la Reyna, ni menos el Rey don Joan su padre, pudieron sojuzgar aquel reyno como deuian: ni los caualleros, ni los moradores del cumpliā sus mandamientos, ni los pagauā sus rentas, saluo a la voluntad de los que las querian pagar, y los tyrannos las tomaban y appropriauan a si. Otrosi tomauā las rentas y los heredamiētos de las yglesias, hazianse patrones dellas: y muchos monesterios no osauan tomar de sus proprias rentas, saluo lo que el cauallero q̄ en ellas se auia entrado les dava de su mano. Fizieron ansi mesmo en aquellos tiēpos por todo aquel reyno muchas fortalezas, sin licencia de los Reyes passados, donde continualmente estauan ladrones y robadores que tenian los pueblos sujetos. (1565: fols. 140r-140v)

Seguindo fórmulas providencialistas e áinda con ecos de cruzada relixiosa similares ao discurso antigranadino, o propio cronista alude entón á necesidade do reino galego ser “sojuzgado”, non só seguindo a vontade divina, mais tamén dos monarcas: “El Rey y la Reyna, entendiendo que cūplia al servicio de Dios y suyo, proueer en la buena gouernacion de aquel reyno” (1565: fol. 140v); deste modo, revela —a diferenza de Palencia e Valera— o interese destes por establecer un sistema recadatorio no reino que finalmente incorporase a contribución deste ás arcas reais. Mais para alén da

²⁶ Véxase a crítica que Pulgar lanza contra estes monarcas: “ni el rey don Enrrique hermano de la Reyna, ni menos el Rey don Joan su padre, pudieron sojuzgar aquel reyno como deuian” (Pulgar 1565: fols. 140r-140v).

imaxe providencialista que determina a imaxe rexia, tamén no caso de Pulgar as diferentes descripcións dos protagonistas –e mesmo as súas omisións–, lonxe de resultaren accesorias, delatan as diferentes afinidades do cronista por uns e por outros. A este respecto, destacan na *Chronica* as descripcións idealizadoras referidas aos enviados reais²⁷, tales como o vicerrei López de Acuña, cualificado de “caballero de buen esfuerzo e de sana conciencia”, ou o propio lincenciado Chinchilla, a quen Pulgar se refire como “buen letrado, e home de buen juicio”, atribuíndolle, como lembra Saavedra, “a capacidade case milagrosa de resolver de súpito problemas vellos e crónicos (2016: 183). Novamente, coa presentación dos enviados reais, Pulgar recorre a un certo mesianismo que os fai valedores das xentes galegas e portadores da vontade divina, para o que o autor non dubida en recrear artificiosos diálogos con que revestir a empresa político-militar e os seus executores dun verniz providencialista:

Estad señores de mejor animo, y tened buena esperanza en Dios y en la prouidencia del Rey y de la Reyna nuestros señores, y en la voluntad que tienen a la administracion de la justicia, y assi mesmo en el desseo que nosotros [Fernando de Acuña e López de Chinchilla] tenemos de la executar en su nombre, y con el ayuda de Dios trabajaremos de tal manera, que las tyranñas cessen, y los tyrannos sean punitidos, y cada vno de los moradores deste reyno viuan en sosiego, de manera que sean señores de lo suyo, sin padescer los agrauios que hasta aquí aueys padescido. (1565: fol. 141r)

A pesar dos retratos apoloxéticos que Pulgar dedica ás autoridades castelás enviadas a Galiza –“gente de armas”²⁸, como este denomina–,

na realidade, a imposición *manu militari* da nova *pax castellana* preséntase como un instrumento útil, cuxo fin último é servir á coroa. Baixo este obxectivo, e de modo próximo ao relato de Palencia, Pulgar concluiría designando a parella real como xenuína libertadora do pobo galego non sen establecer certo paralelismo coa acción divina: “de manera q los moradores de aquella tierra (que no pensabán auer justicia ni libertad) como redemidos de largo captiuerio, davañ gracias a Dios, por la gran seguridad que gozaban, y loauan la diligencia que el Rey y la Reyna mandaron hazer” (*Ibid.*: fol. 141v).

Na outra cara da moeda, atópanse no relato do cronista aqueles nobres galegos desafectos á causa isabelina e/ou rebeldes ao mandato dos monarcas, aos que Pulgar denomina, ás veces indistintamente, “robadores”, “rebeldes”, “omizianos” e/ou co recorrente epíteto de “tiranos”²⁹, termo este último que, como sinala Bushnell, está moi presente na propaganda política, pois se “one could define one’s enemy as a tyrant, one could depose him” (2019: 79). A pesar do carácter unitario que Pulgar lles aplica, o certo é que estes termos serviron, na maior parte das veces, para xeneralizar –e agotar– conflitos de moi diversa natureza, onde confluía, porén, unha oposición aos enviados reais ou mesmo á propia lexitimidade dos monarcas³⁰, tal e como se observa no unitario tratamento que o cronista dedica a conflitos tan heteroxéneos como os acontecidos en Tui, Lugo, Ourense ou Viveiro, reducidos a lugares oprimidos pola “tiranía”. Con todo, as referencias de Pulgar sobre estes nobres resultan menos exigüas que as de Palencia, e nelas o tratamento de cada caso goza dun focamento singular. Así, a diferenza do palentino, quen

²⁷ Así se observa na descripción da súa chegada a Galiza: “Embarcaron a don Fernando de Acuña fijo del conde de Buenavista, que era caballero de buen esfuerzo y de sancta conciencia, y a un letrado de su Consejo, que se llamaua el licenciado Garcí Lopez de Chinchilla, q era buen letrado y hōbre de buen juzgio, y constante en la administracion de la justicia. Este caballero y este letrado cō poderes del Rey y de la Reyna, fueron al reyno de Galizia, y lleuaron gente de armas a caballo, y entraron en la ciudad de Santiago: y por virtud de los poderes que lleuauan, embiaron a mandar a todas las ciudades y villas y cotos del reyno de Galizia, que embiassen allí sus procuradores, para cōmunicar con ellos sobre las cosas concernientes a la pacificación de aquel reyno (*Ibid.*: fol. 140r-140v).

²⁸ Este é o termo utilizado Pulgar para se referir ás tropas reais en territorio galego: “Para la qual tenian gente de armas continuamente repartida en el reyno de Galizia, y con los otros capitanes que tenían puestos en la frontera de los Moros, y la que el Rey y ella trajan en su guarda, porque con esta gente estauan poderosos y temidos, y en sus cartas y mandamientos obedecidos, y su justicia executada, y ningun grande ni otro caballero osaua hazer fuerça ni injuria a otro, y todos sus reynos gozauā de paz y seguridad” (*Ibid.*: fol. 163v-164r).

²⁹ Novamente utiliza Pulgar o epíteto para narrar a chegada dos funcionarios reais: “Algunos de aquellos procuradores que allí se juntaron dubitauan de los recibir, porque no creyán tener fuerças para administrar la justicia para los tyrannos, que de tan antiguos tiempos estauan habituados a robar y tyrannizar” (*Ibid.*: fol. 140v).

³⁰ Véxase a homologación que duns e doutros casos aplica Pulgar: “Estauan ansi mesmo oppresas y tyrannizadas por los caballeros de aquel reyno las ciudades y villas de Tuy, y Lugo, y Orense, y Mondoñedo, y Biuero, y todas las otras en las quales el Rey y los prelados dellas tenian poca parte” (*Ibid.*: fol. 140v).

acusaba a todo o estamento nobiliario galego de abrazar a causa xoanista e, xa que logo, a unión matrimonial lusitano-castelá, o cronista apenas imputa a Pedro Álvarez de Soutomaior unha connivencia explícita con Afonso V de Portugal, monarca cujas aspiracións —omite Pulgar— se centraron en Galiza e na restitución dunha coroa galego-portuguesa tras o tratado de Alcáçovas (López Carreira 2020a: 436). Non sería a única omisión do historiador castelán, pois a fin de minimizar a cuestión sucesoria e a súa transcendencia no reino de Galiza, Pulgar optaría por considerado apenas un conflito fronteirizo —tal e como fixera Diego de Valera—, reducindoo a apenas “algunos días”, para alén de consideralo como unha ameaza real que podía chegar a destruír e despoblar todo o reino galego³¹.

Pola súa parte, se para Diego de Valera o caso de Álvarez de Soutomaior resultaba análogo ao de Pedro Pardo de Cela, ao presuponélos aliados do rei Afonso V de Portugal, na súa *Chronica*, Pulgar reduce intencionadamente a figura do mariscal, xunto a de Pedro de Miranda, á de dous simples criminais, obviando os pormenores dun conflito que o historiador posibelmente coñecía: as aspiracións de Xoán de Viveiro —persoa próxima aos monarcas e cuñado do propio Fernando de Acuña— sobre o patrimonio dos Pardo de Cela³² e a alcaldía da vila de Viveiro (Meilán García 2004: 104). Un tratamento que, no entanto, non aplicará Pulgar aos sucesivos titulares da casa de Lemos, se callar pola súa maior proximidade ao bando isabelino, aos que se acusa de rebeldía e desobediencia mais sen caer na súa consideración de tiranos, non sen os faceren protectores de “malhechores que hazian robos y fuerças en la tierra” (1565: fol. 233r).

Para alén do sentido con que Pulgar traza as diversas etopeas, quer dos nobres galegos quer

dos enviados reais, tampouco a propia terminología da empresa real en Galiza resulta improvisada. O cronista escollerá o termo “pacificación”³³, xa presente na crónica valeriana, para se referir ao proceso bélico-político impulsado pola parella real no reino de Galiza; un termo que o propio autor identifica, inicialmente, cun “sometemento” (“sojuzgar”), mais que no percurso da narración substituirá polo termo “pacificación”. Para autores como Gumucio, a escolla deste termo non resulta casual na retórica bélica, lembrando como “the term pacification was a euphemism for «conquest» taken from the Spanish expansionist rhetoric of old day” (1999: 38), visíbel na documentación castelá desde 1573 cando “the term «conquest» was replaced by the term «pacification»” (Carter 2009: 105). Aínda así, o certo é que esa praxe non pode ser únicamente atribuída ás autoridades castelás/españolas da altura, pois similares termos xa foran empregados, entre outros, polo propio Xulio César cando “described his brutal subjugation of Gaul as «pacification»” (Blackburn 2018 [1998]: 413) en *Bellum Gallicum*, obra, por outra banda, ben coñecida entre a intelectualidade castelá catrocentrista (véxase Moreno Hernández 2002). En calquera caso, como apunta Gay, o certo é que este tipo de eufemismos, presentes na retórica política de todos os tempos, serviron para “[to] mask the horror of war through the use of propaganda that demonizes the enemy and legitimates violence against them” (2004: 8).

Desde esta perspectiva, a escolla do eufemismo “pacificación” debe ser entendido como a xustificación da guerra en prol dunha paz que non comportaba un fin como tal, senón un medio para garantir o exercicio efectivo da autoridade castelá en Galiza, especialmente no que atinxe ás obrigas tributarias dos seus moradores. Porén, o termo non deixaba

³¹ Eis as palabras de Pulgar arredor da guerra sucesoria no antigo bispado de Tui: “Los del Reyno de Galizia por aquellas partes q̄ son fronteras de Portogal, fazian assi mesmo guerra al reyno de Portogal, y los de Portogal fazian al reyno de Galizia, y robauan los vnos a los otros muchos ganados y bienes, y lleuauan de vnas partes a otras prisioneros. Especialmente vno que se llamaua Peraluarez de Sotomayor (que era natural de aquel reyno de Galizia, y estaua en la obediencia del Rey de Portogal) [...] Y duro algunos dias en aquel reyno la guerra, por causa de la qual crescierō los tyāños y los robadores en tāto numero, que si la guerra de aquella manera durara, todo aquel reyno fuera destruyido y despoblado” (*Ibid.*: fol. 40r-40v).

³² “E fizieron justicia de muchos hombres, que auia cometido en los tiempos pasados fuerças y cimines, entre los quales fizieron justicia de vn cauallero que se llamaua Pedro de Miranda, y de otro cauallero q̄ se llamaua el mariscal Pero Pardo, los quales no podian creer que podia venir tiempo en que la justicia los osasse prender. Y despues de presos dauan grandes sumas de oro para la guerra de los moros, porque les saluassen las vidas, pero aquel cauallero y aquel letrado no lo quisieron recibir (*Ibid.*: fol. 141v).

³³ O propio Pulgar fai uso deste termo para referirse a todo o proceso de imposición rexia: “[...] que embiassen allí sus procuradores, para comunicar con ellos sobre las cosas concernientes a la pacificación de aquel reyno” (*Ibid.*: fol. 140v).

de substituír a idea de sometemento expresoado por Pulgar ao comezo da súa narración historiográfica e áinda de cronistas posteriores como Lucio Marineo Sículo ou Jerónimo de Zurita, quen non dubidaron en identificala como o feito de “sojuzgar”³⁴ ou “domar”³⁵ o reino respectivamente.

En liñas xerais, a crónica de Pulgar continúa –e apuntala– o discurso oficial que xustifica as medidas políticas e bélicas emprendidas no reino de Galiza, concibido este como morada de ladróns, corrupcións, rebeldes e tiranos. Áinda así, a obra de Pulgar difire da dos seus predecesores canto á súa posterior repercusión, pois mentres que relatos como o de Palencia, escritos en latín, representaban un exercicio humanístico ao servizo dos soberanos, a narración de Pulgar, escrita en lingua vernácula –ao igual que a de Diego de Varela–, procuraba ser máis accesíbel ao público e, xa que logo, socialmente máis influente. Para acadar este obxectivo, a redacción de Pulgar procura semellar máis convincente en tanto que máis verosímil, aspecto para o que non dubida o cronista en recrear diálogos –as más das veces fantiosos–, elaborar abundantes descripcións á vez que incluir numerosos xuízos moralizantes e referencias mesiánicas e providencialistas.

Se callar, tras esa vontade de crear unha memoria rexia, facilmente asúmibel por todos, galegos e non-galegos, a redacción de Hernando del Pulgar evita, a diferenza de Alfonso de Palencia, xuízos étnicos e xuízos explicitamente galaicófobos. Malia isto, o relato propagandístico de Pulgar, como o dos seus predecesores, non consegue desprenderse dunha visión exóxena de Galiza, tratada na obra como un “Outro” afastado ao que Pulgar alude en numerosas ocacións como “aquele reino de Galiza” ou “aquele reyno”³⁶ en termos semellantes a doutros territorios estranxeiros a Castela,

como Navarra, Aragón ou Francia. Igualmente, o retrato que o cronista rexio transmite do reino tampouco é capaz de se liberar de certos clichés e ideas estereotipadas, ben presentes no imaxinario colectivo castelán, tales como a pobreza, a corrupción e a traizón. Aspectos estes, que a propia paremioloxía castelá imputaba a Galiza antes e despois da sometemento do reino, tal e como evidencia a existencia de ditos como “Mete gallego en tu pajar, y faser se te ha heredero” (ca. 1478) presente no *Seniloquium* (García de Castro 2006: 195), ou “A juezes Galizianos, cō los pies en las manos” (Núñez de Toledo 1555: fol. 4v), exentos de calquera vínculo coa nobreza galega.

4.5. De las cosas memorables de España / De rebus Hispaniae memorabilibus

Posterior á crónica de Pulgar, a redacción *De las cosas memorables de España* representa o proxecto historiográfico máis ambicioso e complexo³⁷ de Lucio Marineo “Sículo” (ca. 1444-1533), humanista siciliano e home de confianza de Fernando II de Aragón. Esta última circunstancia, sumada ás súas ansias por formar parte das altas esferas políticas do seu tempo³⁸ serán as que finalmente leven o siciliano a abandonar a cátedra que ocupaba na universidade salmantina desde 1485 para se incorporar á corte de Fernando e Isabel, onde recibía o encargo de obras como *De primis Aragoniae regibus libri V* (1509) ou *De vita Ioannis II Aragonum regis* destinadas ao enxalzamento da monarquía aragonesa, así como a memoria dos propios Reis Católicos (Durán López e Ramos Santana 2011: 119-121). Como humanista de recoñecido prestixio e “cronista de sus majestades”³⁹, ao igual que outros humanistas do seu tempo, tales como Palencia ou o propio Nebrija, con quen mantiña unha forte rivalidade, Marineo

³⁴ Termo que utiliza Marineo para referirse á sona de Acuña e Chinchilla: “Quedaron con muy clara fama por auer sojuzgado a Galizia” (1539: fol. CLXIIr).

³⁵ É o termo escollido por Zurita para expresar o sometemento de Galiza aos Reis Católicos: “En aquel tiempo se comenzó a domar aquella tierra de Galizia” (Zurita 1579: fol. 348r).

³⁶ O termo resulta recorrente ao longo da obra: “Con cargo de administrar justifica en aquel reyno” (1565: fol. 140v), “multitud de ladrones, como auia en aquel reyno” (fol. 141r), “Estando el Rey y la Reyna en aquel reyno de Galizia” (fol. 237v).

³⁷ Así o recoñece o propio autor no prólogo dedicado ao emperador Carlos V e á emperatriz Isabel de Portugal, sinalando como “Por q̄ en poco menos de cincuenta años q̄ he estado en España ninguna cosa mas deseé, de ninguna tuue mayor cuidado, en ninguna trabajemas cōtinuamente ni con mas placer mio q̄ en buscar cō mucha diligēcia y ver con mis propios ojos todas las cosas grandes y memorables de España (1539: s.p.).

³⁸ Esta vontade resulta expresa na obra do siciliano: “con mucho estudio y diligencia pudiesse escreuir alguna cosa muy verdaderamente como testigo de vista, lo qual hize lo menos mal q̄ yo pude, lo por satisfazer a mi deseo virtuoso y honesto, lo otro por ganar el fauor y gracia de los Reyes Catholicos (*Id.*). ”

³⁹ Consideración presente na propia capa da obra.

concibiu inicialmente *De las cosas memorables de España* desde unha perspectiva no meadamente erudita, escribíndoa nun primeiro momento en latín baixo o título *De Hispaniae laudibus* (Burgos, 1496). Con todo, non será até o ano 1530 cando o siciliano publique unha nova versión ampliada desta obra, *De rebus Hispaniae memorabilibus*, á que meses despois seguiría a súa versión en castelán: *De las cosas memorables de España*. Nesta tradución, que responde a un desexo de difundir o texto alén do mundo erudito, Marineo abrangue diferentes episodios históricos, tanto do reinado de Isabel e Fernando, como de Carlos V.

No que atinxo á campaña político-bélica emprendida polos soberanos aragoneses-casteláns en Galiza, Marineo dedicalle un dos capítulos do libro XIX, o titulado “De la reformación de la provincia de Galizia, y otras cosas”, en que se mostra fiel continuador do discurso propagandístico oficial. A pesar de ser coetáneo aos sucesos históricos, a diferenza de Palencia, Diego de Valera ou o propio Pulgar, testemuñas de primeira man dos sucesos acontecidos en chan galego, o contacto directo do siciliano cos asuntos ibéricos non se produciría até 1484. Esta circunstancia será determinante no relato historiográfico de Marineo, quen se erixe como un historiador académico vinculado a fontes fundamentalmente bibliográficas. Exemplo disto será o uso de clásicos como Estrabón, Plinio ou Xustino e aínda da obra de Isidoro de Sevilla para se referir á historia e, nomeadamente, á xeografía galegas dun xeito –ás veces– por todo anacrónico ao seu tempo, identificando os límites de Galiza cos da antiga Gallaecia altomedieval:

Tiene mas Galizia de todas cosas grā abundācia. Esta situada en la parte Septentrional hasta la mar: y por la parte de medio dia cōfina con Lusitania: a la qual diuide como en otra parte diximos el rio Duero. Por el Occidēte tābien llega ala mar, y terminos de Portugal. Y por el Oriente cōprehende las Asturias: los Cantabros, y Uascones: y se ayunta con la parte de Frácia que llaman Aquitania. (1539: fol. XIIIr)

Así, canto aos acontecimentos políticos da Galiza de finais do século XV, a principal fonte de Marineo foi a crónica de Hernando de Pulgar, aínda que sintetizada polo propio siciliano, especialmente no relativo ás “dissensiones

e bollicios” a causa do conflito entre Rodrigo Henríquez de Castro⁴⁰ e os Reis Católicos, así como a viaxe destes a Galiza. Así, punto por punto, Marineo recolle os instrumentos retóricos desenvolvidos por Pulgar, recorrendo a un discurso populista e mesiánico respecto aos monarcas, con especial atención á raíña Isabel, presentándoo novamente como aclamados libertadores do pobo galego:

Y esto assi hecho todos los pueblos de Galizia que auiā ya perdido la esperāça de justicia y libertad, assi como redimidos de largo captiuerio alabando la virtud q̄ los catholicos principes auian hecho, dieron infinitas gracias a Dios. [...] Lo qual hizieron remedianto el grande y animoso exemplo de la magnanima Reyna doña Ysabel. (*Ibid.*: fol. CLXIIr)

Omitíndose igualmente o papel do arcebispo Fonseca II –tan encomiado por Palencia–, Marineo reincidirá, como os seus predecesores, na idealización dos enviados rexios –Fernando de Acuña e Garci López de Chinchilla–, aos que denomina “governadores del reyno de Galizia” (*Ibid.*: fol. CLXII); deste modo, atribúelles o mérito e a fama de “auer sojuzgado a Galizia que antes estaua indomita y muy feroz” (*Id.*) e, especialmente, de facer “pagar a los Reyes todas sus rentas que los ladrones y tiranos muchos años auían usurpado” (*Id.*). Presentados Acuña e Chinchilla respectivamente como “varō esforçado y amigo de justicia” e “letrado y de grāde ingenio”, (*Ibid.*: fol. CLXIV), seguindo a esteira doutros propagandistas áulicos, o cronista utiliza a criminalización e demonización da aristocracia galega, que identificaba como os “tiranos”, “delinquētes y mal hechores” – termos recorrentes entre os cronistas da corte – para xustificar o envío dun exército castelán formado por tropas mercenarias baixo as ordes de Acuña e Chinchilla (García Oro 1987: I, 335). É entre estes criminais e “tiranos” onde o siciliano inclúe Pedro Pardo de Cela ou o propio Pedro Álvarez de Soutomaior, sobre os que Marineo apenas reproduce as palabras de Pulgar. Con todo, a demonización da nobreza galega desenvolvida por Marineo tamén recolle elementos xa utilizados por Palencia en *Guerra de Granada*, presentándoo non só como homes inmorais e sacrilegos, mais tamén como declarados inimigos de Deus e da propria institución eclesiástica:

⁴⁰ Identificado erroneamente por Marineo como “Fadrique de Castro” (*Ibid.*: fol. XLXXIIIv).

Los Caualleros entre si tenian grandes vandos. Los que mas poderosos y vencedores eran con muchas amenazas y como tyranos por fuerça hazian pagar a los inferiores y vencidos para si, los tributos deuidos alos principes. Los quales cruelmēte vsurpauan sin temor de Dios, sin acatamiento delas leyes, no solamente las rentas, mas la justicia y officios delos Principes, y las rentas delas yglesias, y las cosas sagradas y delos sacerdotes. Edificauan de nuevo grandes fortalezas y torres y alli se recogian, como a yglesias, ladrones, homicidas, sacrilegos, delinquentes y hombres profanos y maluados. Y saliendo de alli cometian toda manera de maldad y crimen contra sus proximos⁴¹. (Marineo Sículo 1539: fol. CLXIV).

Como reputado coñecedor do mundo greco-latino, tampouco Lucio Marineo escusaría a *auctoritas* clásica á hora de sustentar a pretendida maldade dos galegos e o seu carácter impío, estendendo estes atributos novamente sobre o conxunto dos moradores do reino. Así, o siciliano establecerá unha analogía entre o imperialismo castelán –“español” ou “hispano”, seguindo a terminoloxía do cronista– e a dominación romana, cuxo principal obxectivo semella querer conferir aos monarcas castelán-aragoneses unha auréola triunfal, non só fronte aos soberanos precedentes, senón mesmo fronte aos emperadores romanos, “a los cuales [os galegos] hasta entonces ningun principe de España auia podido apartar de sus maleficios y malas costumbres, ni el pueblo Romano, el qual mandaua todo el mundo” (1539: fol. CLXIV), idea esta que xa fora desenvolvida por Palencia en *Guerra de Granada*.

Ao igual que Palencia, non elude Marineo o uso de estereotipos negativos acerca dos galegos na súa retórica discursiva, presentándos como uns belicosos bárbaros, rebeldes ao poder real castelán: “en la prouincia de Galizia los gallegos belicosos e indomitos auia ya muchos años, q̄ no solamēte no pagauā a sus principes lo q̄ de derecho les deuian, mas aun no les obedesciā” (*Id.*). Anos máis tarde, e dun xeito analógo, o mesmo faría Jerónimo de Zurita referíndose aos galegos como xentes “duras, y mal domadas” (1580: 141v). Esta natureza indómita para Marineo, como para outros cronistas precedentes, respondía a un

biodeterminismo xeográfico que derivaba da propia natureza de Galiza, concibida como un país de “montes y lugares ásperos”⁴² que amparaba, e mesmo estimulaba, a rebeldía dos seus habitantes. No entanto, a pesar de incluír este tipo de valoracións estereotípicas, estas distan de posuīr o forte carácter minusvalorativo e/ou etnicista presente na pluma de Alfonso de Palencia, e apenas delatan xuízos –e prexuízos– de natureza fundamentalmente política en que, en calquera caso, se procuraba remarcar a falta de dominio castelán en Galiza, á que o cronista non deixa de se referir dun xeito alóctono como “aqlia provincia” (1539: fol. CLXIV).

Se cadra porque, en tanto que siciliano, o imaxinario cultural de Marineo non posuía referencias negativas contra os galegos, tal e como si acontecía na sociedade castelá dos séculos XV e XVI, o cronista non se mostra especialmente contrario a Galiza, á que xulga “muy abundante, y rica de metales”, e na cal –dixía Marineo– “hallamos muy grā numero de ciudades, y villas, y otras cosas memorables” (*Ibid.*: fol. XIIIIR), tales como o viño do Ribeiro, o peixe, as burgas ourensás ou a frescura dos mananciais. Unha concepción non exenta de louvores, á cal Marineo suma unha reflexión sobre a “pureza étnica” dos galegos –para alén doutros pobos cantábricos–, seguindo a xeografía clásica que denominaba a península baixo o nome Hispania/España:

Por q̄ es notorio, q̄ ay quatro maneras de gente Española q̄ se pueden dezir propiamete naturales, y q̄ no tienē participación ninguna con forasteros. Estos son los Gallegos, Vizcainos: y pueblos de las mótañas de Asturias, con los quales nūca tuuierō cōmunicaciō ninguna Griegos, ni Judios, ni Cartagineses, ni Romanos, ni otra gente estrāgera ninguna. La causa desto es d creer q̄ fue (sino me engaño) el auer sido siēpre los moradores destas regiones tan belicosos, como agora lo son, o por los capitanes q̄ los vencierō, siacaso vuo alguno q̄ bastasse a tanto, no quisierō detenersse en aqlas partes por la aspereza dela tierra, y costūbres de la gente nūca domada. (*Ibid.* fol. XXVIIIv).

Esta concepción é contraria aos piares do castelanismo ideolóxico e, xa que logo, escasamente referenciada entre os cronistas áulicos

⁴¹ Inspírase Marineo na crónica de Pulgar, en que este afirmaba que “ni los pagauā sus rentas saluo a la voluntad de los que las querían pagar [...] otrosi tomauā las rentas y los heredamiētos delas yglesias [...] fizieron ansi mesmo en aquellos tiēpos por todo aquel reyno muchas fortalezas” (Pulgar 1565: fol. 140v).

⁴² “Con la gente que recogio del exercito desbaratado se fue para las Asturias, porque los Asturianos, Vizcaynos y Gallegos (como ante diximos) defendidos con el altura de los montes, y aspereza de los lugares, qdauan saluos y bien apercibidos para defenderse de los enemigos que alla fuessen” (1539: fol. Lr).

casteláns —máis proclives á tradicional identificación de España e Castela⁴²— aos cales, aseguraba Nebrija, conviña confiar a divulgación do pasado máis que aos estraxeiros, especialmente se estes eran itálicos⁴³, nunha clara alusión a Marineo, con quen o andaluz disputara o título de cronista real até 1509.

5. Conclusión

A finais do século XV, as circunstancias políticas que atravesaba a península ibérica dotaron de especial valor a literatura propagandística, especialmente prolífica grazas ao desenvolvimento e difusión da imprenta. Na coroa castelá, os sucesivos conflitos sucesorios polo trono, mais tamén as diferentes empresas bélicas, puxeron de manifesto o papel determinante da propaganda á hora de modelar e/ou manipular a opinión pública coetánea e, tamén, a memoria histórica. No contexto ibérico, baixo o reinado dos Reis Católicos os cronistas reais adquirion unha insólita relevancia ao se erixiren en “colaboradores de los que se sirvieron los monarcas”, (Hernández Martínez 2013: 235), facendo das crónicas un medio idóneo para glorificar as fazañas reais e lexitimar as súas accións. No contexto galego, como sinala Saavedra, a crónistica elaborada desde os círculos áulicos serviu principalmente para lexitimar “as medidas que [os Reis Católicos] tomaron con respecto á nobreza [...] pois afectaron o conxunto do reino, segundo xa se ocuparon de proclamar, cunha clara finalidade propagandística ou apologetica, varios cronistas reais” (2016: 181). Nesta empresa, os sucesivos cronistas áulicos elaboraron con éxito unha narrativa do pasado que viña

xustificar o desenvolvemento dun proxecto monárquico autoritario, a discutíbel lexitimidade de Isabel para o trono e mais “a integración impulsada desde a Corte [castelá] e que tería como principal obxectivo garantir a contribución de Galicia ao goberno da monarquía. Esa contribución concretaríase tanto no cobro de tributos como na concesión de donativos, recursos materiais e homes para o exército e a armada reais” (Saavedra Vázquez 2016: 218).

Neste labor, os cronistas áulicos, “non poucas veces citados como testemuñas imparciais”, como lembra Saavedra (*Ibid.*: 181), despregaron unha estratexia dicursiva común en que se apelaba a argumentos populistas e providencialistas que presentaban os monarcas como enviados divinos a protexer o pobo, á vez que se demonizaba e criminalizaba os seus rivais políticos. Porén, no caso de Galiza, un reino onde estiveron ben presentes as reclamacións xoanistas e, xa que logo, portuguesas, o discurso oficial resultou especialmente belixeante fronte aos grandes nobres, considerados “tiranos” e obstáculos no control definitivo do reino pola coroa, a motivou unha propaganda fortemente criminalizadora fronte a eles, á vez que se louvaban as accións dos funcionarios casteláns e os activos más importantes do bando isabelino. Doutra banda, as propias crónicas áulicas ao servizo dos monarcas instrumentalizaron a galaicofobia existente no imaxinario castelán, procurando, deste xeito, dotar dunha maior credibilidade ao relato oficial ao tempo que se apelaba aos clásicos grecolatinos como fonte erudita capaz de xustificar a deostada imaxe de Galiza e o seu sometemento político.

6. Referencias bibliográficas

- Alemany Ferrer, Rafael (1983): “La aportación de Alfonso de Palencia a la historiografía peninsular del siglo XV”, *Anales de la Universidad de Alicante. Historia Medieval* 2, pp. 187-205, <https://doi.org/10.14198/medieval.1983.2.10>.
- Antelo Iglesias, Antonio (1990): “Alfonso de Palencia: historiografía y humanismo en la Castilla del siglo XV”, *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval* 3, pp. 21-40.
- Baranda Leturio, Nieves (2009): *La prosa y el teatro medievales*. Madrid: UNED.
- Barbolani, Cristina (2007): “Nebrija y Maquiavelo ante un epígrama de Ausonio: paratexto y texto”, *Cuadernos de filología italiana* 14, pp. 101-115.
- Barros, Carlos (1990): *Mentalidad justiciera de los irmandiños, siglo XV*. Madrid: Siglo XXI de España Editores.

⁴² Véxase Linehan (2012: 20).

⁴³ Así o considera o propio Nebrija na súa *Divinatio in scribenda historia* (1509): “No hubiera sido prudente confiar la fe de la Historia a hombres extraños, y menos a italianos, que de nada son más codiciosos que de gloria” (*apud* Barbolani 2007: 106).

- Beltrán de Heredia, Vicente (1966): *Bulario de la Universidad de Salamanca (1219-1549)*, vol. I. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Blackburn, J. Walton (2018): "Code Word", en J. M. Shafritz (ed.), *International encyclopedia of public policy and administration*, New York: Taylor & Francis, vol. 1, pp. 413-416.
- Bushnell, Rebecca (2019 [1990]): *Tragedies of Tyrants: Political Thought and Theater in the English Renaissance*. Ithaca, NY: Cornell University Press.
- Carrasco Manchado, Ana Isabel (2006): *Isabel I de Castilla y la sombra de la ilegitimidad: propaganda y representación en el conflicto sucesorio (1474-1482)*. Madrid: Sílex.
- Carter, William B. (2009): *Indian Alliances and the Spanish in the Southwest, 750-1750*. Norman: University of Oklahoma Press.
- Corral Sánchez, Nuria (2021): *Discursos contra los nobles en la Castilla tardomedieval*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Deyermond, Alan (2009): "Written by the Victors: Technique and Ideology in Official Historiography in Verse in Late-Medieval Spain", en E. Koope (ed.), *The Medieval Chronicle*. Leiden: Brill, vol. VI, pp. 59-89, https://doi.org/10.1163/9789042026759_004.
- Durán López, Fernando & Ramos Santana, María del Carmen (2011): "Una biografía ilustrada de Lucio Marineo Sículo. Estudio y edición de un inédito de José Vargas Ponce", *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo* 1/6, pp. 115-157, <https://revistas.uca.es/index.php/cir/article/view/380> [consulta: XX/XX/XXX].
- Eiras Roel, Antonio (2004): "De historia fabulosa e Historia dirigida. La república de los hidalgos según un jesuita gallego de comienzos del siglo XVIII", en M. García Fernández e M.ª de los Ángeles Sobaler Seco (eds.), *Estudios en homenaje al profesor Teófanes Egido*. Valladolid: Junta de Castilla y León, vol. II, pp. 19-49.
- Fernández Álvarez, Manuel (1979): *España y los españoles en los tiempos modernos*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Fontán, Antonio (2002): "La España de los humanistas", en J. M. Maestre Maestre, L. Charlo Brea e J. Pascual Barea (coords.), *Humanismo y pervivencia del mundo clásico: homenaje al profesor Antonio Fontán*, vol. I, pp. 35-56.
- García de Castro, Diego (2006): *Refranes que dizen los viejos. Seniloquium* (edición e traducción de F. Cantalapiedra Erostabar & J. Moreno Uclés). València: Publicacions de la Universitat de València.
- García Mercadal, José (1999): *Viajes de extranjeros por España y Portugal*. Valladolid: Junta de Castilla y León, 5 vols.
- García Oro, José (1987): *Galicia en los siglos XIV y XV: El señorío, la iglesia, la corona*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2 vols.
- Gay, William C. (2004): "Public policy discourse on peace", en N. Nyquist Potter (ed.), *Putting Peace Into Practice: Evaluating Policy on Local and Global Level*. Amsterdam/New York: Rodopi, pp. 5-17.
- Góis, Damião de (1567): *Chronica do Principe Dom Joam*. Lisboa: Em casa de Francisco Correia.
- Gumucio, Juan Carlos (1999): *Hierarchy, Utility, and Metaphor in Mapuche Botany*. Uppsala: Acta Universitatis Upsaliensis.
- Hernández Martínez, Pedro (2013): "La memoria de la historia oficial: Crónicas y cronistas en la España de los Reyes Católicos", *Estudios sobre patrimonio, cultura y ciencias medievales* 15, pp. 235-268.
- (2013): "La memoria de la historia oficial: Crónicas y cronistas en la España de los Reyes Católicos", *Estudios sobre Patrimonio, Cultura y Ciencias Medievales* 15, pp. 235-268.
- Jardin, Jean-Pierre (2010): "La descendencia del *Liber regum* en la Castilla de los siglos XIV-XV", *e-Spania. Revue Interdisciplinaire d'études hispaniques médiévales et modernes* 9, <https://doi.org/10.4000/e-spania.19473>.
- Jiménez Calvente, Teresa (2010): "Nebrija, poeta áulico: la «Peregrinatio Regis et Reginae ad Sanctum Iacobum». Edición, traducción y estudio", *Medievalismo: Revista de la Sociedad Española de Estudios Medievales* 20, pp. 63-95, <https://revistas.um.es/medievalismo/article/view/141421> [consulta: XX/XX/XXX].
- Ladero Quesada, Miguel Ángel (2005): "La Hermandad en Galicia. 1490-1498", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 118, pp. 239-287, <https://doi.org/10.3989/ceg.2005.v52.i118.96>.
- Linehan, Peter (2012 [1993]): *Historia e historiadores de la España medieval*. Salamanca: Ediciones de la Universidad de Salamanca.
- Liss, Peggy K. (1998): *Isabel la Católica. Su vida y su tiempo*. Madrid: Nerea.

- López Carreira, Anselmo (2016) “O reino de Galicia no remate da Idade Media”, en R. Mariño Paz e F. X. Varela Barreiro (eds.), *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 17-35.
- (2020a [2005]): *O reino medieval de Galicia*. Santiago de Compostela/Pontecesures/Porto: Blukk Editora Nacional.
- (2020b [2013]): *Historia de Galicia*. Vigo: Xerais.
- López Gómez, Óscar (2020): “Entre la concordia y la propaganda. La paz en el discurso político de la Castilla del siglo XV”, *Trabajos y comunicaciones* 52, <https://doi.org/10.24215/23468971e125>.
- Manso Porto, Carmen (1996): *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar (1567-1626): erudito, mecenas y bibliófilo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Marineo Sículo, Lucio (1539): *De las cosas memorables de España*. Alcalá de Henares: En casa de Miguel de Eguia.
- Meilán García, Antonio J. (2004): *O “mito” do Mariscal Pardo de Cela: historia, lendas e literatura*. Alfoz: Asociación Cultural “O Mundo da Galea”.
- Monsalvo Antón, José María (2011): “Poder y cultura en la Castilla de Juan II: Ambientes cortesanos, humanismo autóctono y discursos políticos”, en L. E. Rodríguez-San Pedro Bezires e J. L. Polo Rodríguez (eds.), *Salamanca y su Universidad en el primer Renacimiento: siglo XV*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, pp. 15-92.
- Monteagudo, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega: Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*. Vigo: Galaxia.
- Montero Málaga, Alicia Inés (2013): “Dos cronistas para un reinado: Alfonso de Palencia y Diego Enríquez del Castillo”, *Estudios Medievales Hispánicos* 2, pp. 107-129.
- Moreno Hernández, A. (2002): “La edición incunable del *Bellum Gallicum* de Julio César (Burgos 1491)”, *Cuadernos de Filología Clásica (Estudios Latinos)* 22, pp. 9-42.
- Moya García, Cristina (2008): “La producción historiográfica de Mosen Diego de Valera en la época de los Reyes Católicos”, en N. Salvador Miguel e C. Moya García (eds.), *La literatura en la época de los Reyes Católicos*. Madrid: Iberoamericana, pp. 145-166.
- (2011): “La influencia de Alfonso de Cartagena en la Valeriana”, *Boletín de la Biblioteca Menéndez Pelayo* 87, pp. 13-28.
- Nogueira, Camilo (2001): *A memoria da nación. O reino da Gallaecia*. Vigo: Xerais.
- Núñez de Toledo, Hernán (1555): *Refranes o proverbios en romance*. Salamanca: Juan de Canova
- Olmedo Bernal, Santiago (1995): *El dominio del Atlántico en la Baja Edad Media. Los títulos jurídicos de la expansión peninsular hasta el tratado de Tordesillas*. Salamanca: Sociedad “V Centenario del Tratado de Tordesillas” (UNED) / Sociedad Anónima Hullera Vasco-Leonesa.
- Palencia, Alfonso de (1909): *Guerra de Granada*. Trad. de A. Paz y Meliá. Madrid: Tipografía de la Revista de Archivos.
- (1974): *Cuarta Década de Alonso de Palencia*. Trad. de J. López de Toro, tomo II. Madrid: Real Academia de la Historia.
- (1904): *Crónica de Enrique IV*. Trad. de A. Paz y Meliá. Madrid: Tipografía de la “Revista de Archivos”, vol. I.
- (1908): *Crónica de Enrique IV*. Trad. de A. Paz y Meliá. Madrid: Tipografía de la “Revista de Archivos”, vol. IV.
- (1999): *Gesta Hispaniensia ex annalibus svorum diervm collecta. Tomo I, Libri I-V*, en R. B. Tate e J. Lawrence (eds.). Madrid: Real Academia de la Historia, 2 vols.
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (1997): *Don Pedro Fernández de Castro, VII conde de Lemos (1576-1622)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2 vols.
- Paz Mariño, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- Ponte, Vasco de (1872): “Relación de algunas casas y linajes del reino de Galicia”, publicada por Benito Vicetto en *Historia de Galicia*, vol. VI. Ferrol: Taxonera.
- Pulgar, Hernando del (1565): *Chronica de los muy altos y esclarecidos reyes Catholicos don Fernando y doña Ysabel de gloriosa memoria*. Valladolid: En casa de Sebastian Martinez.
- Rosende Valdés, Andrés A. (1998): “Los Reyes Católicos y Compostela: política y devoción”, *Semata. Ciencias Sociales e Humanidades* 10, pp. 149-169, <http://hdl.handle.net/10347/4679> [consulta: XX/XX/XXX].

- Rospoher, Massimo (2013): “Print and Political Propaganda under Pope Julius II (1503-13)”, en P. Bromilow (ed.), *Authority in European Book Culture 1400-1600*. New York: Routledge, pp. 97-120.
- Saavedra Vázquez, María del Carmen (2016): “A realidade política de Galicia nos “Séculos Escuros”, en I. Dubert (dir.), *Historia das historias de Galicia*. Vigo: Xerais, pp. 211-240.
- Saavedra, Pegerto (2016): “Os feudais entre dúas rebeliões: a dos irmáns e a das comunidades”, en I. Dubert (dir.), *Historia das historias de Galicia*. Vigo: Xerais, pp. 181-210.
- Valera, Diego de (1927): *Crónica de los Reyes Católicos*. Ed. Juan de Mata Carriazo. Madrid: Centro de Estudios Históricos.
- Van Seters, John (1997 [1983]): *In search of History: Historiography in the Ancient World and the Origins of Biblical History*. Winona Lake, IN: Eisenbrauns.
- Zastrow, Charles (2013): *Introduction to Social Work and Social Welfare: Empowering People*. Belmont, CA: Brooks Cole.
- Zurita, Jerónimo de (1579): *Los cinco libros postreros de la segunda parte de los Anales de la Corona de Aragón*. Çaragoça: en la Officina de Domingo de Portonarijs.
- (1580): *Los cinco libros postreros de la historia del Rey Don Hernando el Catholico, de las empresas y ligas de Italia*. Çaragoça: en la Officina de Domingo de Portonarijs.

